- 56750 (11/POC-010526)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o acordo entre Augas de Galicia e Ence para a utilización por parte da empresa de auga depurada da estación depuradora de augas residuais dos Praceres
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 56753 (11/POC-010527)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre o cumprimento por parte da Xunta de Galicia da Lei de transparencia e bo goberno no caso da contratación dunha exconselleira pola empresa Greenalia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 56755 (11/POC-010528)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a demanda de información por parte da Xunta de Galicia respecto da adxudicación e construción da infraestrutura do viaduto do Castro, na A-6
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 56759 (11/POC-010529)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Fernández Gómez, Alexandra
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da defensa da propiedade e do uso público das burgas de Cuntis
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2023
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56489
Data envio: 27/07/2023 14:18:24.437

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, e Borja Verea Fraiz, deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, as seguintes **preguntas** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

A RIS3 Galicia 2021-2027, sitúa as persoas no seu centro, como punto de partida e de chegada da estratexia. A estratexia aposta non só pola xeración de talento, senón tamén pola súa retención, atracción e o seu retorno.

Galicia sumou en 2021 11.435 persoas dedicadas a I+D, sendo o número máis alto da súa historia e situándose como a 6ª Comunidade Autónoma. Pero necesitamos seguir aumentando a capacidade para atraer e, sobre todo, reter e retornar talento e persoal cualificado.

Desde a Axencia Galega de Innovación estase a traballar nun programa con actuacións para posicionar e mostrar a Galicia como unha contorna para innovar e investigar reforzando un ecosistema no que o talento en I+D+i poida desenvolver todo o seu potencial persoal e profesional, onde poder facer ciencia excelente e onde a ciencia medre.

Nesta perspectiva, a consolidación do territorio a nivel internacional convértese nun obxectivo que permita reforzar o papel dos axentes galegos de I+D+i como socios internacionais de valor.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cales son as accións que se están impulsando desde a Axencia Galega de innovación para posicionar e dar a coñecer a Galicia como un ecosistema excelente para a I+D+i xerando unha contorna favorable?

2. Cales son as iniciativas que se están impulsando tanto para a atracción e retorno como para a retención de talento no ámbito da I+D+i?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56489
Data envio: 27/07/2023 14:18:24.437

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 27/07/2023 14:07:59

Rodríguez Pérez, Moisés na data 27/07/2023 14:11:20

José Antonio Armada Pérez na data 27/07/2023 14:11:32

Ana Belén García Vidal na data 27/07/2023 14:13:16

Pardo López, Adrián na data 27/07/2023 14:13:28

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2023 14:13:59

Borja Verea Fraiz na data 27/07/2023 14:14:14

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56492
Data envio: 28/07/2023 09:24:38.872

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza leva moitos anos de retraso e desvantaxe en materia de transporte ferroviario de mercadorías, por decisións adoptadas en Madrid e Bruxelas e que contaron co beneplácito dos dous grupos políticos do bipartidismo estatal.

En 2019 o europarlamento e a Comisión Europea incluíron na Rede Básica o Corredor Atlántico Noroeste (a conexión desde Palencia cara a León e desde aquí a Asturias e Galiza), corrixindo unha decisión anterior absurda (deixaba fóra do Corredor Atlántico os portos do Atlántico) e discriminatoria (relegaba os investimentos para despois de 2030).

Mais naquel momento xa estabamos nunha posición de retraso, xa iamos no furgón de cola. A causa desta situación é o deseño centralista das infraestruturas (o Corredor Atlántico pasa por Madrid) e a priorización do Corredor Mediterráneo na planificación e nos investimentos.

O resumo da situación é o seguinte:

i) O Goberno central priorizou na última década o corredor atlántico central e o corredor mediterráneo.

ii) A maior parte dos investimentos asignados ao Corredor Atlántico foron asignados a Madrid, Andalucía e Euskadi.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56492
Data envio: 28/07/2023 09:24:38.872

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iii) O Corredor Mediterráneo conta con un Comisionado desde 2017. O do Corredor Atlántico acaba de anunciarse mediante un anuncio efectista, xa veremos se efectivo.

iv) O Corredor Mediterráneo conta con estratexia definida e programa de investimentos. O Corredor Atlántico carece de planificación e de cronograma claro de investimentos. E dentro do Corredor Atlántico, o Corredor Atlántico Noroeste (liña Venta de Baños-León-Galiza) vai con máis retraso. As únicas obras que están en marcha en Galiza son a conexión ferroviaria do porto exterior da Coruña e a mellora do trazado entre Ourense e Monforte (forma parte da mellora da liña férrea Ourense-Lugo)

v) En pleno século XXI temos infraestruturas e servizos ferroviarios de mercadorías do século XIX. Un tren de mercadorías tarda 23 horas en chegar desde Vigo a Barcelona. Así non avanzamos, así non podemos ser un país conectado e competitivo.

Por se non fose abondo, Galiza foi excluída do borrador da Rede de Autoestradas Ferroviarias, o sistema para o transporte ferroviario de camións cargados con mercadorías para facer por estrada o “último km”. O BNG xa presentou iniciativas no Congreso para corrixir esta nova discriminación.

2. Galiza non pode ficar outra vez atrás, o impulso do Corredor Ferroviario Noroeste é estratéxico e prioritario. En primeiro lugar porque o tren é o transporte do futuro e quen non xogue nesa liga non é competitivo. En segundo termo porque o tren é máis económico, máis lóxico e máis ecolóxico. E, por último, o tren é unha peza clave dun deseño integrado e intermodal.

Aínda que tarde, estamos nun momento decisivo para darlle pulo ao transporte ferroviario de mercadorías xa que se están mobilizando grandes sumas de diñeiro para o ferrocarril (no Mecanismo Conectar Europa e no Plan de Recuperación e Resiliencia).

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56492
Data envio: 28/07/2023 09:24:38.872

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais non é o momento de fotos e declaracións, é o momento de facer proxectos, de facer obras. Pasou o tempo dos lamentos, estamos no tempo dos investimentos.

Dentro da Estratexia Ferroviaria de Galiza, o transporte de mercadorías xoga un papel central, á par das propostas en materia de mobilidade para as persoas. E ademais da conexión do Corredor Noroeste, clave para o transporte cara Europa, é fundamental avanzar no fomento da conexión ferroviaria de mercadorías con Portugal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera de interese a Xunta crear unha fronte común institucional, económica e social galega en defensa do tren de mercadorías?

Vai o goberno galego demandar un Plan Extraordinario de Investimentos para Galiza que equilibre e compense o retraso que sofre o noso país no transporte ferroviario de mercadorías?

Vai a Xunta esixir a aprobación de proxectos e o establecemento dun calendario de obras para ser financiadas con cargo ao Mecanismo Conectar Europa, con fondos europeos do período 2021-2027 e co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia?

Vai o goberno galego apoiar a creación dunha comisión de seguimento, coa participación dos partidos políticos con representación no parlamento galego, que vele polo impulso do ferrocarril de mercadorías e polo cumprimento da planificación e da execución dos proxectos do Corredor Noroeste e da conexión con Portugal?

Como avalía o goberno galego a exclusión de Galiza do borrador da Rede de Autoestradas Ferroviarias?

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56492
Data envio: 28/07/2023 09:24:38.872

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2023 09:23:49

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2023 09:24:00

Paulo Ríos Santomé na data 28/07/2023 09:24:10

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56493
Data envio: 28/07/2023 09:27:15.403

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta deulle a luz verde ambiental á tramitación de 8 polígonos industriais eólicos promovidos por Naturgy, que suman 210 MW. Nestes 8 polígonos inclúense os que corresponden aos parques eólicos Porto Vidros e Campo das Rosas, que afectan ao territorio e á veciñanza de Cerdedo Cotobade, A Estrada e Campo Lameiro.

Máis alá da propaganda verde dos gobernos, estes proxectos non son de transición enerxética: responden unicamente á voracidade das empresas e á súa ansia de facer negocio sacrificando o noso territorio.

-Desenvólvense nunha zona xa saturada e que xa contribúe sobradamente á loita contra o cambio climático xa que na contorna hai máis de 250 aeroxeradores instalados, incluíndo os do Cando e Candán en Rede Natura.

-Debido á acumulación de proxectos, ás dimensións dos aeroxeradores e á ubicación nos arredores dos núcleos, teñen un impacto elevado no medio natural, no patrimonio cultural, nos recursos hídricos, na paisaxe, no valor das terras, nas actividades propias do territorio e na saúde das persoas.

-O propio contido da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) pon de relevo os impactos en hábitats protexidos, incluíndo o hábitat prioritario das breixeiras húmidas

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56493
Data envio: 28/07/2023 09:27:15.403

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atlánticas (4020*), que é fundamental na regulación do ciclo hidrolóxico, na preservación da biodiversidade e na loita contra o cambio climático. Tamén se rexistran outros ecosistemas considerados de interese comunitario (na DIA caracterízanse erroneamente como non prioritarios) como breixeiras secas europeas (4030) e breixeiras oromediterráneas endémicas con aliada (4090). E faise referencia a humidais e brañas que deberían ser inventariadas e protexidas (cítase expresamente unha situada a 30 m do acceso proxectado a un aeroxerador). A destrución, a degradación ou a alteración destes hábitats coas obras de construción do parque podería constituír un grave atentado ambiental, ademais de vulnerar a directiva comunitaria que protexe estes espazos (Directiva 92/43/1992 sobre a conservación dos hábitats naturais e da flora e da fauna silvestre)..

-A zona na que se pretenden implantar estes polígonos industriais eólicos está inzada de bens patrimoniais, moitos deles descoñecidos até fai pouco tempo e que na súa maior parte foron descubertos e catalogados polo labor do colectivo Capitán Gosende. Entendemos que constitúe un atentado contra o patrimonio cultural que se pretenda implantar un parque eólico enriba dunha área de tal riqueza arqueolóxica.

-A DIA tamén salienta o impacto visual e paisaxístico dos proxectos e propón curiosas medidas para mitigalo como a plantación de pantallas vexetais por parte da veciñanza.

-O proxecto Campo das Rosas, con 6 aeroxeradores e 27,6MW de potencia (e tamén en menor medida Porto Vidros) , incide negativamente no hábitat dos cabalos salvaxes e na rota de baixada das bestas, e polo tanto nunha festa declarada de interese turístico internacional como é a Rapa das Bestas de Sabucedo, declarada de Interese Turístico Internacional. Todo isto a pesar dun primeiro informe da Axencia de Turismo de Galicia que facía referencia a un impacto global significativo tanto na fase de construción como na de explotación.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56493
Data envio: 28/07/2023 09:27:15.403

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-As declaracións de impacto ambiental favorábeis son absolutamente arbitrarias, e están cheas de erros e de irregularidades. Unha das máis notorias é o feito de que se evacúen informes de departamentos da Xunta que están referidos a versións iniciais dos proxectos e que non teñen en conta as numerosas modificacións dos mesmos. Por outra parte, existen numerosas contradicións entre os criterios empregados nestas e noutras DIA, por exemplo no referente á protección de especies ameazadas – como é o caso do lobo e do *circus pygardus*- ou no referente á conservación de construcións en pedra seca, declaradas patrimonio cultural da humanidade. Estas afeccións, que noutros casos foron argumentos para emitir DIA desfavorábeis, neste caso son obviados ou minimizados.

-Estamos diante dunha fragmentación "de libro", coa tramitación por separado de dous proxectos da mesma empresa, que comparten subestación e liña de evacuación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta aprobar os proxectos Porto Vidros e Campo das Rosas, promovidos por Naturgy, aínda sendo coñecedores que se trata dun exemplo evidente de fragmentación fraudulenta?

Ten intención o goberno galego de revisar a Declaración de Impacto Ambiental dos parques Porto Vidros e Campo das Rosas, analizando todos os impactos sinérxicos e acumulativos dos dous proxectos, avaliando correctamente o conxunto da documentación presentada, corrixindo todos os erros e utilizando criterios acordes cos empregados noutras DIA?

Vai a Xunta encargar un informe independente sobre o impacto dos parques Porto Vidros e Campo das Rosas en hábitats protexidos, con referencia específica á

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 56493
Data envio: 28/07/2023 09:27:15.403

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incidencia no ecosistema do cabalo salvaxe e na celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo?

Vai a Xunta reclamar que Naturgy cumpra os compromisos derivados da adxudicación de MW do concurso eólico de 2010?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2023 09:26:30

Noa Presas Bergantiños na data 28/07/2023 09:26:40

María Montserrat Prado Cores na data 28/07/2023 09:26:53

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:41:17
Nº Rexistro: 56495
Data envio: 28/07/2023 09:41:17.356

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o estado da depuración na faixa litoral de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de maio de 2020, Augas de Galiza adxudicou o servizo para a redacción dun estudo de alternativas para mellorar a depuración da faixa costeira do concello de Oia. O contrato, adxudicado a Ingenia Proyectos Técnicos, prevía un investimento de 18.000 euros e un prazo de execución de 4 meses.

Segundo a información facilitada daquela pola Xunta, no concello de Oia existían en 2020 cinco "estacións depuradoras" de augas residuais que daban servizo ao 62% da poboación municipal. En realidade non se trata de "estacións depuradoras", son máis ben decantadoras que presentan moitos problemas de funcionamento e que verten directamente ao mar augas residuais contaminantes.

O Concello de Oia xustificou en 2020 a necesidade do citado estudo polo mal funcionamento destas falsas depuradoras e polo elevado custo económico do seu funcionamento e mantemento.

Cando pasaron xa máis de dous anos e medio desde a contratación do citado servizo, non hai ningunha noticia nin actuación de mellora da rede de saneamento e depuración do litoral de Oia.

O mal funcionamento das infraestruturas existentes ten graves consecuencias: constantes vertidos contaminantes ao mar, que afectan negativamente á calidade das augas e á actividade pesqueira e marisqueira; molestias derivadas do mal funcionamento

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:41:17
Nº Rexistro: 56495
Data envio: 28/07/2023 09:41:17.356

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das instalacións; riscos para a saúde; mala imaxe para unha zona de alto interese turístico e paisaxístico, pola que pasa camiño portugués da costa.

Ademais dos elevados custos das instalacións, do elevado gasto municipal e o mal servizo prestado, o concello ten que facer fronte a multas polos vertidos de augas contaminantes ao mar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cales son os resultados do estudo contratado en 2020 para analizar as alternativas para mellorar a depuración da franxa litoral do concello de Oia?

Cantos expedientes sancionadores abriu Augas de Galiza ao Concello de Oia por vertidos contaminantes da rede de saneamento e depuración?

Cal foi a contía das multas pagadas polo Concello de Oia por expedientes de Augas de Galiza?

Que medidas ten previsto desenvolver a Xunta para dotar a zona litoral de Oia dun sistema de saneamento e depuración moderno e eficiente?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:41:17
Nº Rexistro: 56495
Data envio: 28/07/2023 09:41:17.356

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2023 09:40:37

Rosana Pérez Fernández na data 28/07/2023 09:40:41

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:45:36
Nº Rexistro: 56497
Data envio: 28/07/2023 09:45:36.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación da rede de abastecemento do concello de Salvaterra de Miño e posíbeis riscos sanitarios derivados da mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A rede de abastecemento de auga de Salvaterra de Miño conta con unha captación no río Tea e unha ETAP situada en Codesás, de xestión directa do concello. Existe un protocolo de control da rede de abastecemento municipal que establece as características das instalacións e as medidas sanitarias.

No río Tea existen problemas de contaminación da auga pola existencia de vertidos e mal funcionamento dos sistemas de depuración, situados augas arriba do punto de captación do concello de Salvaterra.

2. A falta de investimento na infraestrutura e a deficiente xestión da rede de abastecemento de Salvaterra provoca de maneira reiterada cortes no subministro, turbidez e mal cheiro da auga. A situación agravouse a finais de decembro, cando se produciu un gromo de gastroenterite que podería estar relacionado co consumo de auga da rede de abastecemento. O día 21 de decembro e nos días seguintes producíronse casos de vómitos e diarreas, que poderían estar vencellados ao consumo de auga da billa durante unha celebración no colexio Infante Felipe.

4. O feito de que varias persoas tivesen que ser atendidas no PAC de Ponteareas e no Hospital A. Cunqueiro produciu a conseguinte alarma social, con numerosas informacións en redes sociais e medios de comunicación. En resposta a estes feitos, o

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:45:36
Nº Rexistro: 56497
Data envio: 28/07/2023 09:45:36.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

28 de decembro o concello fixo pública unha nota informativa na que se sinalaba que "Saúde Pública confirma que nas mostras das persoas con diarrea detectouse norovirus" e se engadía que se estaba facendo un seguimento continuo con Sanidade e un estudo de vínculo epidemiolóxico con enquisas e probas de microbioloxía. E sinalábase que "nesa altura non se podía asociar o gromo co consumo de auga e continuábase cos estudos".

Nese mesmo día 28 confirmáronse casos con bacterias Campylobacter e E coli.

Nos días seguintes seguíronse producindo episodios de cheiros, turbidez e cortes no subministro e o concello fixo público un comunicado no que se recomendaba non consumir auga da rede municipal. Nos días posteriores fixéronse públicos bandos relativos ao restablecemento do servizo e ao estado da auga.

5. Cómpre ter en conta a normativa sobre os criterios sanitarios de calidade da auga, que está regulada polo RD 140/2003, que foi derrogada polo RD 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.

No tocante ás medidas para garantir o abastecemento e a calidade da auga en situacións de risco sanitario, están reguladas pola lei de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario.

Da análise dos feitos sinalados con anterioridade poden derivarse posíbeis incumprimentos da normativa vixente, así como un déficit de información e transparencia, por parte do concello e tamén por parte do departamento de Saúde Pública da Xunta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:45:36
Nº Rexistro: 56497
Data envio: 28/07/2023 09:45:36.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales foron os resultados do estudo epidemiolóxico con enquisas e probas de microbioloxía que se realizaron en Salvaterra de Miño como consecuencia do gromo de gastroenterite que se produciu a finais do mes de decembro de 2022?

Por que non se informou á opinión pública das causas do gromo de gastroenterite e da relación ou non co consumo de auga en mal estado?

Ten previsto a Xunta informar á opinión pública sobre o cumprimento polo concello de Salvaterra de Miño da normativa estatal sobre calidade da auga de consumo humano e da normativa autonómica sobre situacións de risco sanitario?

Que medidas ten previsto levar a cabo a Xunta para evitar os problemas recorrentes na captación, potabilización e subministro de auga no concello de Salvaterra de Miño?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2023 09:43:16

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2023 09:43:20

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:49:57
Nº Rexistro: 56499
Data envio: 28/07/2023 09:49:57.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Paulo Ríos Santomé**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre saneamento no concello de Oia e desenvolvemento dun plan de dotación de depuradoras ecolóxicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de infraestruturas e mobilidade anunciou un proxecto piloto no concello de Oia para desenvolver un novo modelo de saneamento da auga no ámbito rural "máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio."

Este proxecto piloto estaría vencellado ao convenio de colaboración de Augas de Galicia coa Universidade da Coruña para desenvolver sistemas de depuración adaptados á realidade de núcleos rurais.

O obxectivo da proposta anunciada en 2020 era encontrar a mellor solución para dotar de saneamento os núcleos da zona interior do concello de Oia- Este é o caso das parroquias de Loureza e Burgueira, nas que a veciñanza non ten ningún sistema público de depuración nin existe ningunha alternativa para o baleirado das foxas sépticas pola falta de planificación e de solucións por parte do concello e da Xunta.

Na última década varios concellos galegos apostaron por infraestruturas verdes e solucións de proximidade para resolver a necesidade de saneamento en núcleos rurais de pequena poboación ou afastados das redes de saneamento e de estacións depuradoras.

As chamadas depuradoras ecolóxicas, dotadas con humidais artificiais, semellan unha alternativa viábel, experimentada con éxito en pequenos núcleos rurais en concellos como San Sadurniño, Moeche, Cedeira ou Cerdedo-Cotobade.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:49:57
Nº Rexistro: 56499
Data envio: 28/07/2023 09:49:57.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mentres que estes concellos promoveron esta solución, non hai noticias sobre o proxecto piloto anunciado pola Xunta fai máis de dous anos para resolver a carencia de saneamento nas parroquias do interior do concello de Oia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cando ten previsto a Xunta facer público o resultado do proxecto piloto anunciado en 2020 para desenvolver un novo modelo de saneamento no medio rural máis eficiente, sostíbel e integrado no territorio?

Vai a Xunta aplicar os resultados do citado estudo e levar a cabo os proxectos de depuradoras ecolóxicas nas parroquias de Loureza e Burgueira (Oia), en coordinación co concello e coa veciñanza, e en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil?

Ten previsto a Xunta levar a cabo, en colaboración cos concellos, un plan de dotación de depuradoras ecolóxicas en núcleos rurais que cumpran determinadas características de poboación, distancia a redes de saneamento e complexidade de dotación de redes centralizadas?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:49:57
Nº Rexistro: 56499
Data envio: 28/07/2023 09:49:57.840

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2023 09:48:48

Paulo Ríos Santomé na data 28/07/2023 09:48:52

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:52:43
Nº Rexistro: 56501
Data envio: 28/07/2023 09:52:43.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e **Alexandra Fernández Gómez**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a mellora da execución orzamentaria do programa de Planificación e xestión hidrolóxica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xestión orzamentaria da partida de "Planificación e xestión hidrolóxica" pode cualificarse como moi deficiente. Se temos en conta os datos de execución orzamentaria de 2021 podemos salientar os seguintes datos:

-O nivel de execución é do 60%, un dos máis baixos entre o conxunto dos programas en que se estrutura o orzamento da Xunta.

-A partida de "Planificación e xestión hidrolóxica" viuse reducida en 11,4 millóns de euros, de 68,9 a 57,4 millóns de euros.

Esta situación vense repetindo nos últimos anos, o que pon de relevo a falta de planificación e a incapacidade de xestión da administración hidráulica galega. E supón a perda de recursos millonarios que son imprescindíbeis para levar a cabo investimentos que precisa o país e os concellos.

Chama a atención que a Xunta estableza cada vez máis obrigas de investimentos aos concellos e que pola contra non aprobe un plan extraordinario de obras e de cooperación no financiamento das actuacións das entidades locais, E tamén resulta moi rechamante que por parte de Augas de Galicia se aproben actuacións en materia de saneamento e abastecemento de maneira arbitraria, sen criterios obxectivos de reparto, especialmente no caso de concellos de menor poboación e que están situados fóra do

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:52:43
Nº Rexistro: 56501
Data envio: 28/07/2023 09:52:43.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ámbito das rías. Cómpre ter en conta que no ámbito das rías concéntrase unha parte importante dos investimentos pola súa relevancia ambiental, económica e produtiva, polas esixencias da normativa comunitaria e polos expedientes sancionadores abertos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Como valora o goberno galego o baixo nivel de execución do programa de "Planificación e xestión hidrolóxica"?

Por que razón ano tras ano se producen baixas millonarias no programa de "Planificación e xestión hidrolóxica"?

Que medidas prevé levar a cabo a Xunta para mellorar a planificación, xestión e execución orzamentaria do programa de "Planificación e xestión hidrolóxica"?

Ten previsto a Xunta elaborar un plan e crear un fondo extraordinario de financiamento de obras hidráulicas en colaboración cos concellos?

Que criterios segue Augas de Galicia para seleccionar as obras de abastecemento e saneamento que leva a cabo en concellos de menor poboación e que están fóra do ámbito das rías?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:52:43
Nº Rexistro: 56501
Data envio: 28/07/2023 09:52:43.028

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2023 09:52:02

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2023 09:52:05

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:59:04
Nº Rexistro: 56503
Data envio: 28/07/2023 09:59:04.340

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Ministros do 1 de marzo aprobou o anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel, paso necesario para dar comezo ao trámite de audiencia e información pública, que está aberto até o 13 de abril de 2022.

Se ben a lei ten obxectivos teóricos cos que de maneira xenérica se pode estar dacordo (cumprimento dos obxectivos de redución de gases de efecto invernadoiro e emisións contaminantes asociadas ao transporte, en liña cos acordos internacionais asinados polo Estado español), na aplicación concreta pode dar lugar a diferentes modelos e solucións.

Un dos elementos centrais da lei, no que ten a ver coa mobilidade, accesibilidade e xestión do espazo público nas zonas urbanas (especialmente nas cidades de máis de 50.000 habitantes) é a regulamentación das chamadas Zonas de Baixas Emisións, previstas no artigo 18 e na Disposición Adicional 7ª do anteproxecto, así como no artigo 14.3 da Lei 7/2021 de cambio climático e transición enerxética.

A entender do BNG, tanto o previsto na lei de cambio climático como na lei de mobilidade sostíbel responde a unha concepción penalizadora, discriminatoria e

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:59:04
Nº Rexistro: 56503
Data envio: 28/07/2023 09:59:04.340

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afastada da realidade galega xa que basicamente prevé a restrición do acceso a determinados vehículos (os máis antigos e contaminantes) e a autorización de acceso para aqueles que teñan o carimbo "eco". Ademais, prevé a posibilidade de establecer taxas que penalicen o acceso a determinados tipos de vehículos contaminantes.

Ademais do carácter inxusto e discriminatorio destas medidas, que na práctica poderían supoñer un salvoconduto de acceso a determinadas zonas da cidade en función da renda, a proposta supón unha distorsión da organización e xestión do espazo público e da mobilidade urbana. O obxectivo non debe ser restrinxir o acceso de vehículos tendo en conta a súa carga contaminante senón establecer en determinadas áreas da cidade restricións maiores de maneira que se garantan os dereitos das persoas a un espazo público seguro e accesíbel, que se respecte a nova xerarquía da mobilidade, que se prime a mobilidade activa (desprazamentos a pé e en bici) e o transporte público, e que se posibilite o acceso a residentes e servizos.

Porque de levarse a cabo as previsións da lei de cambio climático e do anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel, os centros das cidades poderían verse invadidos por vehículos moi "eco", moi sustentábeis, moi smart (satisfacendo os intereses de determinados lobis)… o que derivaría nunha xestión caótica do espazo público e do criterio de prioridade para as persoas.

Desde o BNG consideramos que existe unha terceira vía. que se pode resumir en peonalización si, penalización non. Esta terceira vía existe na práctica na cidade de Pontevedra, é a coñecida como modelo Pontevedra: unha experiencia de transformación recoñecida internacionalmente e que conseguiu reducir as emisións nun 70%.

O modelo Pontevedra consiste en implantar zonas de baixas emisións reducindo os tráficos innecesarios para o funcionamento da cidade, fronte ao modelo que se recolle

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:59:04
Nº Rexistro: 56503
Data envio: 28/07/2023 09:59:04.340

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

no borrador lexislativo que aposta pola penalización para implantar zonas de baixas emisións de CO2 nas cidades. Pagar ou pagar son as dúas alternativas: pagar por acceder a determinada zonas, ou pagar adquirindo un vehículo coa etiqueta eco.

Para o BNG constitúe unha temeridade e unha irresponsabilidade establecer medidas relacionadas coa renda nun contexto de grave crise económica e social. As medidas que recolle a proposta lexislativa supoñen unha carga para as persoas nun momento de crise que vai afectar tamén a moitas pequenas e medianas empresas que non poden renovar o seu parque automobilístico por vehículos eléctricos.

Ademais, a lei que tramita o goberno central é unha norma uniformizadora, que está pensada para grandes cidades como Madrid e Barcelona que soportan elevados índices de contaminación. Situación que mesmo motivou a apertura dun expediente sancionador da Unión Europea ao Estado español.

Por este motivo defendemos que a fórmula que xa se aplica con éxito en Pontevedra sexa unha alternativa que tamén se recolla na futura lei de mobilidade para a creación de zonas de baixas emisións, -que deben estar definidas en 2023-, a través da redución dos tráficos innecesarios para o funcionamento da cidade.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Que valoración fai o goberno galego das medidas penalizadoras que prevé o anteproxecto de lei de mobilidade sostíbel en relación coa regulamentación das zonas de baixas emisións nas cidades?

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
206858

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:59:04
Nº Rexistro: 56503
Data envio: 28/07/2023 09:59:04.340

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten previsto a Xunta presentar alegacións a este anteproxecto de lei para considerar outras alternativas como as do modelo Pontevedra?

. Considera o goberno galego a posibilidade de crear un grupo de traballo xunto coas cidades, as deputacións, representación de vilas de máis de 20.000 habitantes e a FEGAMP para definir grandes liñas estratéxicas e prioridades de actuación en materia de espazo público, mobilidade sostíbel, seguridade viaria, cohesión social e loita contra o cambio climático?

. Vai promover a Xunta a elaboración de Plans de Mobilidade Sostíbel por parte dos concellos, priorizando os de máis de 20.000 habitantes?

. Vai promover a xunta a elaboración e aprobación dunha lei galega de mobilidade sostibel, adaptada á realidade do noso país e que non copie de xeito mimético realidades alleas?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 09:59:04
Nº Rexistro: 56503
Data envio: 28/07/2023 09:59:04.340

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 28/07/2023 09:57:10

Alexandra Fernández Gómez na data 28/07/2023 09:57:17

Paulo Ríos Santomé na data 28/07/2023 09:57:28

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 10:53:18
Nº Rexistro: 56507
Data envio: 28/07/2023 10:53:18.809

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López, e Borja Verea Fraiz, deputados e deputadas **do Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, as seguintes **preguntas** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

As pemes constitúen máis do 99% do tecido empresarial de Galicia, polo que teñen necesariamente un papel protagonista no desenvolvemento da capacidade innovadora do conxunto da economía galega.

As empresas galegas enfróntanse a retos globais que dificilmente se poden abordar sen innovación, sen diferenciación de produto, sen deseño, sen dixitalización. É necesario que innoven en todos os ámbitos da súa actividade, xa sexa na contorna da xestión, na área de produción, no ámbito tecnolóxico, no plano comercial, etc., a innovación ten que ser un dos puntais básicos sobre os que as empresas teñen que facer medrar os seus negocios.

A RIS3 de Galicia 2021-2027 puxo un foco especial na necesidade de impulsar o número de empresas innovadoras, en apoiar ás empresas que xa innovan para que intensifiquen o seu esforzo no desenvolvemento de novos produtos, servizos, aplicacións e tecnoloxías e ao mesmo tempo sinala tamén que haberá que ter en conta as empresas con innovacións ocultas ou con potencial para desenvolvelas.

Coa finalidade de chegar ao tecido empresarial, avanzar na configuración dun apoio integral ás diferentes etapas da I+D+i nas empresas, incrementar o número de empresas innovadoras, facilitar que as máis pequenas incorporen a innovación nas diferentes etapas do seu proceso produtivo e poñer en valor a importancia da innovación púxose en marcha en 2021 o Programa de Impulso á Innovación nas Pemes.

O devandito programa consta de cinco eixos e ten como obxectivo difundir, visibilizar e dinamizar a innovación tecnolóxica e non tecnolóxica, a través de: asesoramento, iniciativas de divulgación ao longo de todo o territorio, contidos sobre metodoloxías e casos de éxito de pemes innovadoras e axudas específicas.

No marco deste programa, promoveuse a creación de novas convocatorias para as microempresas, pequenas e medianas empresas, así como a adaptación das existentes para deseñar itinerarios de apoio en cada etapa da innovación e madurez empresarial.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 10:53:18
Nº Rexistro: 56507
Data envio: 28/07/2023 10:53:18.809

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Cal é o balance do Programa Impulso e Innovación Pemes desde a súa posta en marcha?

2. Que novas accións e instrumentos se teñen previsto implementar para afianzar os resultados ata agora acadados?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 28/07/2023 10:40:27

Rodríguez Pérez, Moisés na data 28/07/2023 10:41:50

Pardo López, Adrián na data 28/07/2023 10:42:00

José Antonio Armada Pérez na data 28/07/2023 10:42:28

Ana Belén García Vidal na data 28/07/2023 10:42:43

Moisés Blanco Paradelo na data 28/07/2023 10:43:13

Borja Verea Fraiz na data 28/07/2023 10:43:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 11:03:36
Nº Rexistro: 56537
Data envio: 28/07/2023 11:03:36.528

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, **Patricia Otero Rodríguez** e **Eduardo Ojea Árias**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O ano pasado o Goberno galego licitou a execución das obras do proxecto de mellora da seguridade viaria da estrada vella de Marín, a PO-546, en Estribela, no concello de Pontevedra.

As obras de humanización que se realizaron no treito da Avd. Montero Ríos están a ocasionar unha situación de risco para a seguridade dos condutores debido á nula visibilidade no cruce desta avenida coa rúa San Andrés que dá acceso ao CEIP A Carballeira e ao Lugar da Comboa.

Actualmente, no caso de atoparse na rúa San Andrés e querer incorporarse á Avda. Montero Ríos en dirección Marín cómpre invadir case toda a calzada dirección Pontevedra para poder ter visibilidade polo lado dereito da estrada.

A situación de inseguridade é debida á radicación dos contedores de RSU que anulan a visibilidade no cruce. Cómpre sinalar que é unha vía con moito tráfico e que neste punto xa se produciron accidentes de gravidade con anterioridade cando a visibilidade era mellor.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 11:03:36
Nº Rexistro: 56537
Data envio: 28/07/2023 11:03:36.528

PSG PSOE Parlamento de Galicia
Grupo Parlamentario Socialista

1. Entende este goberno que os problemas de visibilidade no cruce da avenida Montero Ríos coa rúa San Andrés que dá acceso ao CEIP A Carballeira e ao Lugar da Comboa comprometen a seguridade viaria nesta estrada?

2. Ten previsto o Goberno galego solucionar estes problemas de visibilidade?

Santiago de Compostela, 28 de julio de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 28/07/2023 10:50:32

Patricia Otero Rodríguez na data 28/07/2023 10:50:42

Eduardo Ojea Arias na data 28/07/2023 10:50:55

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/07/2023 13:22:20
Nº Rexistro: 56573
Data envio: 28/07/2023 13:22:20.270

Grupo Parlamentario Socialista

Á MESA DO PARLAMENTO

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª.**

A veciñanza e o alumnado de Valga vén de coñecer a decisión da Consellería de Educación de trasladar o Grao Medio Dual de Mecanizado que se ofertaba no IES Plurilingüe de Valga ao CIFP Fontecarmoa de Vilagarcía. A oferta decidida pola Xunta de EGalicia deixa ao instituto valgués con dúas titulacións menos das impartidas no último ano académico: o Ciclo Superior de Construcións Metálicas en réxime ordinario e o Ciclo Medio de Soldadura e Caldeiraría para adultos**.**

Tendo en conta que o sector do metal é chave na economía da localidade polo peso do mesmo nas empresas da contorna, nomes propios como Extrugasa, Gama e Hijos ou Exlabesa, estas titulacións son de vital importancia tanto no contexto da formación do alumnado, da súa saída laboral e profesional como na remuda e calidade no tecido empresarial de Valga. Xunto a isto, cómpre lembrar a necesidade de non desmantelar a oferta e oportunidades no ámbito educativo do rural.

É, polo tanto, necesario lembrar a importancia de que tamén no rural se oferte unha educación superior de calidade apostando polo desenvolvemento da FP Dual nun momento decisivo no que se está a fornecer en todos os territorios a Formación Profesional. Unha das grandes garantías para acadar a mellor inserción laboral da mocidade da man da actividade das empresas galegas. Desde o Grupo Parlamentario do PSdeG defendemos que o concello de Valga non vexa minguadas estas posibilidades e que, polo tanto, se reverta a

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

decisión de eliminar titulacións o que suporía ademais incidir na perda do alumnado da oferta formativa.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Nun momento de desenvolvemento sen precedentes da FP e FP Dual no conxunto do Estado, considera o Goberno galego axeitado recortar oferta en concellos rurais como Valga que inciden na perda de oportunidades para a veciñanza e alumnado do rural, mais cando o tecido empresarial da contorna concreta deste concello está vencellado ás titulacións que suprimen?

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2028

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 28/07/2023 12:57:23

Julio Torrado Quintela na data 28/07/2023 12:57:32

Noa Susana Díaz Varela na data 28/07/2023 12:57:42

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:13:49
Nº Rexistro: 56587
Data envio: 31/07/2023 10:13:49.889

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e **Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación das instalacións nos centros educativos de Ponteareas e a súa comarca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É de sobra coñecida pola Xefatura Territorial de Educación en Pontevedra, así como pola propia Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, a situación na que se atopan as instalacións dos centros educativos en Ponteareas e Comarca do Condado-Paradanta.

O 90% dos centros educativos desta zona datan dos anos 50, 60 ou 70.

Os máis antigos, as Escolas Unitarias das parroquias (CRA A Picaraña en Ponteareas ou o da Lagoa en Salvaterra), con máis de 60 anos, ainda sendo de pedra e cunha estrutura sólida, carecen do máis básico dos illamentos (nos solos, paredes, carpinterías exteriores, cubertas...). En moitas delas entra auga a través dos tellados cada vez que chove, e que ainda que puntualmente se fagan as pequenas reparacións por parte dos concellos, isto se solventa só cun cambio das cubertas para eliminar as filtracións e humidades que causan.

Pero todos os edificios precisan destas obras de eficiencia enerxética que inclúen ademáis dos aspectos citados, o cambio a iluminación a LED e calefaccións con

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:13:49
Nº Rexistro: 56587
Data envio: 31/07/2023 10:13:49.889

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxías renovables e máis eficientes (EEI de Taboeza e Rubiós nas Neves, CEIP Nosa Sra. Dos Remedios ou Fermín Bouza Brey en Ponteareas)…. Para mellorar a confortabilidade nunha comarca que ten climatoloxía moi adversa nos invernos.

A estas obras, xa importantes en sí mesmas, habería que engadirlle melloras para dispoñer de instalacións das que agora carecen ou a reforma doutras como vestiarios, baños, salas de servizos específicos (audiovisuais, salón de actos… como o CPI de Mondariz, CEIP Ramiro Sabell ou IES Barral en Ponteareas), ou incluso ampliación de instalacións para dar cabida a todos os estudos ofertados como o IES Pedra da Auga.

En Ponteareas tamén, aínda hai dous centros educativos nos que o alumnado non dispón de ximnasio nin aula de psicomotricidade (CEIP Feliciano Barrera de Guláns e CEIP de Santiago de Oliveira, ámbolos dous situados no rural). Centros que carecen das instalacións axeitadas para poder ofertar comedor escolar, un dos servizos máis demandados polas familias para atender á conciliación.

Como establece a lei educativa e tamén de Bases de Réxime Local, as competencias educativas lle son propias á Administración Autonómica e neste intre non se están a cumplir facendo como é habitual: botar balóns fóra e que sexan os concellos os que asuman gastos que non lles corresponde.

A responsabilidade e competencia dos Concellos non vai máis alá da custodia e mantemento dos centros de infantil e Primaria. Ningunha obra nova, ou que requira reformas estructurais ou cambios nas instalacións corresponden á administración local.

Nestes últimos anos non foron atendidos pola Xunta de Galicia peticións de obras como:

- peches perimetrais nas escolas,

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:13:49
Nº Rexistro: 56587
Data envio: 31/07/2023 10:13:49.889

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- cubertas de patios de xogos de infantil,

- cambio de cubertas nos edificios escolares,

- colocación de novos sistemas de calefacción máis eficaces,

- Novas ventás e persianas para que non escape o pouco calor da escasa calefacción,

- Illamento das paredes ou solos das escolas.

- Novas edificacións para ampliar servizos que non existen actualmente.

Polo tanto, hai numerosas reformas (que non mantemento) que son precisas acometer de xeito inmediato e outras que deben axustarse a unha planificación a medio e longo prazo a fin de poder conseguir incluso fondos europeos que permitan asumir todo o investimento necesario.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Que criterio adopta a Consellería de Educación para decidir en que centros se realizan proxectos de eficiencia enerxética ou outras obras maiores?

- Por que se leva décadas sen asumir as obras de construción dos ximnasios dos CEIP Feliciano Barrera de Guláns e CEIP de Santiago de Oliveira en Ponteareas?

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:13:49
Nº Rexistro: 56587
Data envio: 31/07/2023 10:13:49.889

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non asume a Consellería de Educación as obras que precisa os CRA do rural para que deixen de ter filtracións de auga e humidades producidas polas fendas en cubertas, paredes e solos?

- Cal é o tipo de planificación que realizan dende a UT da Xefatura Territorial de Educación en Pontevedra para ter en conta as obras que se precisan nos centros educativos e que criterios se usan para establecer prioridades?

- En que situación está en concreto esta comarca? Cando está previsto solventar todas as deficiencias manifestadas polas direccións das escolas e institutos?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 31/07/2023 10:05:46

Mercedes Queixas Zas na data 31/07/2023 10:05:51

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:58:03
Nº Rexistro: 56593
Data envio: 31/07/2023 10:58:03.483

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e **Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación da atención á diversidade no ámbito educativo e o futuro dos equipos de orientación nos centros escolares.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes en Galicia, establece que a diversidade é unha realidade social e a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse, entre outras medidas, na oferta de recursos e medidas educativas que contribúa á participación de xeito autónomo, nunha sociedade democrática.

Esta orde regula unha ferramenta básica para lograr os seus obxectivos, os Departamentos de Orientación dentro dos centros educativos, que serán os asesores do alumnado, profesorado e familias e atenderán a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa para conseguir unha inclusión efectiva de todo o alumnado, con independencia da súa diversidade.

Pero hai unha parte imprescindible na orde que debe acompañar todo este traballo dos centros educativos, que son os recursos materiais e humanos e que desenvólvese no seu capítulo V, onde fai referencia a todas as persoas profesionais involucradas neste proceso.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:58:03
Nº Rexistro: 56593
Data envio: 31/07/2023 10:58:03.483

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes últimos anos á comunidade educativa das Comarcas Condado e Paradanta (centros tan diversos como o CEIP Nosa Sra. Dos Remedios e o CEIP Fermín Bouza Brey en Ponteareas, ou o CEIP Nosa Sra. De Lourdes en Mondariz Balneario) manifestan o aumento considerable dos casos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (no curso 2023-24, aproxim. o 30% do alumnado do centro será NEAE). Isto sempre conleva a petición por parte das direccións dos centros escolares de máis efectivos docentes e especializados nos departamentos de Orientación (Audición e Linguaxe, Pedagoxía Terapéutica, persoal aux. Coidador...), para manter a calidade educativa e unha atención axeitada para todo o alumnado, incluíndo as necesidades específicas e obxectivos marcados para o alumnado NEAE.

Calquera alumno ou alumna NEAE precisa de máis de 2 horas á semana de atención específica para que ésta sexa de calidade e poidan avanzar a nivel educativo e integral. Cos efectivos de especialistas actuais dentro dos departamentos de Orientación, non é factible que esta premisa se cumpra.

Ademáis, nos últimos cursos están matriculándose nos centros escolares alumnado de 3 anos con retrasos na linguaxe debido á exposición excesiva a tabletas e móbiles, os canguros dixitais. Igual que medra o número de alumnado TEA, como avala o Informe realizado este mesmo ano pola Confederación Autismo España, ou tratan a alumnado con sospeita de Dislexias en tanto non están debídamente diagnosticados, xa que non se derivan estes casos directamente a Neuroloxía.

A comunidade educativa precisa unha maior implicación da Consellería con competencias en Educación para que asuma as súas funcións para garantir a todo o alumnado, para o NEAE tamén, unha atención educativa de calidade tendo en conta as características e capacidades de cada alumna e alumno. Para iso deben resolver a falta de recursos persoais nos equipos de Orientación en todas as súas especialidades.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:58:03
Nº Rexistro: 56593
Data envio: 31/07/2023 10:58:03.483

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cuestión na que están de acordo a inmensa maioría dos CEIP e IES de Ponteareas e a Comarca Condado-Paradanta.

Neste intre estes equipos están desbordados debido ao alto número de alumnado NEAE matriculado, cada un cunha atención individualizada e un programa personalizado e documentado. Isto orixina unha burocratización extraordinaria e paralizadora que consume moito tempo, tempo que non se usa para aplicación efectiva de programas e plans para o alumnado. Polo tanto debe existir un protocolo entre os distintos sectores afectados neste proceso para detectar, diagnosticar e aplicar medidas ao alumnado NEAE nas súas distintas realidades.

Teñen falta de recursos e tempo para poder implementar nos centros programas de interese xeral que poden mellorar os resultados académicos, pero tamén a nivel persoal. E por todo o citado deben estar mellor valoradas como profesionais pero tamén mellor remuneradas pola responsabilidade, dispoñibilidade horarias cara ás familias, adicación e polo tipo de cualificación que precisan para o desenvolvemento do seu traballo, a mesma que a solicitada para os equipos dos IES.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Que accións pensa levar a cabo o Goberno Galego para garantir os dereitos do alumnado NEAE a unha educación de calidade e unha inclusión real, tendo en conta a normativa actual sobre atención á Diversidade e a Lei Educativa??

- Que criterio adopta a Consellería de Educación para asignar docentes aos equipos de Orientación dos centros educativos?

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:58:03
Nº Rexistro: 56593
Data envio: 31/07/2023 10:58:03.483

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas horas asigna a cada alumno/a NEAE de atención individualizada coas persoas especialistas que son precisas?

- Téñense en conta, para dotar de recursos de persoal, o número inxente de informes que deben realizar os departamentos de Orientación, así como os programas de atención ao alumnado?

- Por que non se considera a permanencia estable e estrutural deses equipos para poder atender distintos programas que melloren a calidade educativa?

- Que medidas teñen previsto adoptar dende a Consellería de Educación para mellorar a situación do alumnado NEAE á vista do aumento de casos cada curso escolar nos centros educativos?

- Existe algún plan de formación/información cara a sociedade que difunda as funcións que teñen os equipos de Orientación?

- Existe algún estudo que indique os motivos do aumento de casos de alumnado TEA, con Dislexia, TDA, TDAH..., e posible batería de accións que deteñan este aumento progresivo?

- Que medidas está a tomar o Goberno Galego para garantir que o alumnado con NEAE acade nos centros ordinarios o obxectivo prioritario de ser capaces de desenvolverse de xeito autónomo na vida cotiá, tendo en conta que non dispoñen dos mesmos recursos nin instalacións que os centros específicos??

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 10:58:03
Nº Rexistro: 56593
Data envio: 31/07/2023 10:58:03.483

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 31/07/2023 10:46:39

Mercedes Queixas Zas na data 31/07/2023 10:46:43

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 11:15:39
Nº Rexistro: 56617
Data envio: 31/07/2023 11:15:39.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e **Rosana Pérez Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a urxencia de arranxar unha fochanca situada na parte final da rampa do peirao do Portiño (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do Portiño (A Coruña) levan tempo reclamándolle a Portos de Galiza que se arranxe unha importante fochanca de tamaño considerábel situada na parte final da rampa do peirao.

Esta zona é moi transitada pola veciñanza e o feito de que con marea alta non se poida ver está a provocar riscos de lesións, tal e como teñen denunciado perante a administración desde a asociación veciñal.

Portos de Galiza é a entidade responsábel do seu mantemento, mais en ningún momento activou a solución para subsanar estas deficiencias, unha preocupación que aumenta precisamente neste tempo de verán ao ser unha zona frecuentada por bañistas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 11:15:39
Nº Rexistro: 56617
Data envio: 31/07/2023 11:15:39.233

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten constancia o goberno da existencia desta fochanca na rampa do peirao do Portiño (A Coruña)?

- É consciente da súa perigosidade ao non ser vista en tempo de marea alta?

- Respondeulle o goberno ás demandas rexistradas pola veciñanza? De non ser así, por que non o fixo?

- En que prazo vai resolver este problema de seguridade para a veciñanza?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Rosana Pérez Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 31/07/2023 11:14:12

Mercedes Queixas Zas na data 31/07/2023 11:14:16

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:21:46
Nº Rexistro: 56622
Data envio: 31/07/2023 12:21:46.436

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A experiencia e o coñecemento adquiridos nos últimos anos respecto da covi-19 permitiu mellorar o tratamento que se lles presta aos pacientes afectados por esta enfermidade, tanto a aqueles que requiren hospitalización como aos que pasan o virus nos seus fogares.

Con todo, moitos destes pacientes, tras superar a enfermidade, sofren importantes secuelas e efectos secundarios relacionados coa covi-19.

Hai constancia de diversa sintomatoloxía: afectación pulmonar, afectacións cardiovasculares, arritmias, miocardites, insuficiencias cardíacas e afectacións neurolóxicas, entre as que as máis frecuentes son a dor de cabeza, a vertixe, a perda do gusto e do olfacto, e en casos mais graves, ictus, inestabilidade na marcha, etc...

Para atender esta circunstancia e ofrecer o seguimento oportuno dun xeito multidisciplinar a Consellería de Sanidade creou as Unidades Postcovid, hoxe presentes nas sete áreas sanitarias.

Conformadas por un variado número de profesionais sanitarios especialistas, estas unidades permiten unha atención máis especializada aos pacientes, así como realizar todas as probas necesarias para comprobar a súa evolución, o que evita moitos trámites e consultas intermedias e ofrece unha atención máis efectiva de maior calidade.

Por isto , os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cales son os avances respecto do desenvolvemento das unidades postcovid na sanidade pública?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:21:46
Nº Rexistro: 56622
Data envio: 31/07/2023 12:21:46.436

PARLAMENTO DE GALICIA

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:17:44

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:18:43

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:19:00

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:19:16

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:19:36

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:19:50

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:20:10

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:25:26
Nº Rexistro: 56625
Data envio: 31/07/2023 12:25:26.092

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O cancro de mama continúa sendo o cancro máis frecuente entre as mulleres nos países desenvolvidos. Estímase que no ano 2018 diagnosticáronse na Unión Europea 404.900 novos casos, o que representa o 29,2% de todos os cancros na muller e unha taxa de incidencia de 108,8 por 100.000 mulleres. España ten unha taxa de incidencia media en relación cos países da súa contorna (84,9 por 100.000 mulleres).

Coa finalidade de abordar o problema de saúde que supón o cancro de mama, a Dirección Xeral de Saúde Pública puxo en marcha en 1992 a primeira unidade de exploración mamográfica do PGDPCM, contando coa colaboración da Asociación Española Contra el Cáncer (AECC).

Desde aquel momento, o Programa foise estendendo progresivamente ata cubrir no ano 1998 o 100% da poboación obxectivo. Ata o ano 2004 a poboación a que ía dirixido o Programa eran todas as mulleres residentes en Galicia de 50 a 64 anos.

Seguindo as directrices da Unión Europea, a partir de 2005, o Programa comezou a ampliación progresiva do grupo de idade ata os 69 anos, obxectivo que se acadou no ano 2009.

Có fin de ampliar a estrutura fixa de análise realizouse unha reestruturación que posibilitou que todos os hospitais públicos de Galicia conten cun mamógrafo agás A Coruña e Vigo que contan con dous.

As usuarias do Programa que residen nun municipio con dificultades de acceso á unidade de exploración mamográfica que lles corresponde teñen á súa disposición un sistema de transporte gratuíto en autobús, o cal permite prestar unha atención completa e de calidade ás doentes.

A envergadura do Programa fai que a coordinación das unidades de avaliación radiolóxica, das unidades de diagnose e tratamento e a coordinación xeral do Programa estea centralizada no servizo de Programas poboacionais de cribado da Dirección Xeral de Saúde Publica.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:25:26
Nº Rexistro: 56625
Data envio: 31/07/2023 12:25:26.092

PARLAMENTO DE GALICIA

Neste servizo é onde se recibe e rexistra na base de datos do Programa toda a información remitida polos hospitais. Sendo desde esta propia unidade de xestión onde periodicamente se realiza a avaliación da súa actividade e resultados.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os resultados do programa de cribado de cancro de mama desde a súa posta en marcha hai xa máis de 30 anos?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:22:32

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:22:51

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:23:18

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:23:38

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:23:54

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:24:11

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:24:32

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:25:37
Nº Rexistro: 56627
Data envio: 31/07/2023 12:25:37.311

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A construción da estrada AC-418, Carballo-Malpica supuxo un necesario e demandado avance na mellora das comunicacións por estrada na comarca de Bergantiños, mellorando a seguridade na circulación de vehículos ao tempo que se acortaba os tempos dos desprazamentos entre diferentes núcleos de poboación.

A nova vía levou aparellada unha redución de vehículos lixeiros e pesados pola AC-414, mais esta estrada segue a contar cunha intensidade circulatoria considerable, sendo empregada (como é lóxico) pola veciñanza ao longo de todo o ano, e incrementándose o seu uso na época estival para acceder locais e visitantes ás zonas de ocio e praias existentes na contorna. Tamén segue a contar con tránsito de tráfico pesado, ao empregarse por empresas locais para o transporte das mercadorías e materia prima que xera a súa activade.

A falta de actuacións por parte da administración competente (que non é outra que a Xunta de Galiza) de cara a manter unha condicións adecuadas para a circulación foi causa mediata da aparición de infindas fochancas, froito, precisamente do uso que aínda mantén a vía e das inclemencias meteorolóxicas.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:25:37
Nº Rexistro: 56627
Data envio: 31/07/2023 12:25:37.311

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha situación que foi denunciada de xeito reiterado pola veciñanza e polo propio concello de Carballo, xa que o alto deterioro da capa de rodaxe supón un risco para a propia condución así como para os peóns. Nomeadamente, nos treitos do núcleo de Xoane da Estrada e Cances Grande.

Veciñanza e administración local coinciden no imprescindible de que o organismo titular desta estrada proceda a arranxar a vía, levando a cabo actuacións necesarias e as labores de mantemento e conservación oportunas (que non se efectuaron en anos), para así evitar o perigo que supón o actual estado da mesma para vehículos e para que o tránsito de peóns.

O propio Concello de Carballo tenlle comunicado á Consellería de Infraestruturas o seu compromiso de asinar un convenio para executar esa actuación. Unha actuación que debe ser integral , incluíndo as obras de mellora e mantemento da vía, así como a extensión de sendas peonís e carrís bici, como se ten realizado pola Consellería noutras zonas da comarca, que garantirían seguridade de peóns e ciclistas.

Compromiso extensivo a que, unha vez realizadas esas obras pola administración competente, coa cofinanciación en porcentaxe que estableza o convenio para Consellería e Concello, sería este o que aceptaría a entrega das obras para que eses tramos da AC-414 pasen a ser de titularidade municipal.

Porén, a Consellaría a día de hoxe non realizou actuación algunha nestes tramos, alegando que carecer de funcionalidade na rede autonómica de estradas, e condicionado calquera investimento na vía (e circunscrito exclusivamente á rehabilitación da capa de rodaxe) a que o Concello de Carballo asuma o cambio de titularidade a favor da entidade local unha vez realizada a mellora do firme.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:25:37
Nº Rexistro: 56627
Data envio: 31/07/2023 12:25:37.311

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proceder da Xunta de Galiza (titular desta vía), despois de anos sen actuación algunha na mesma, cunha proposta absolutamente inconcreta desde o punto de vista técnico e de mínimos (ao excluír as melloras necesarias para a seguridade de peóns e bicicletas), é claramente inxusto para o Concello de Carballo no seu conxunto e nomeadamente para a veciñanza de Cances e Xoane.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é a razón pola que non se realizou desde fai anos actuación algunha de conservación e mantemento na AC-414?

Cal é o motivo polo que non se arranxa a AC-414, nomeadamente ao seu paso polos núcleos de Cances Grande e Xoane da Estrada, a pesar do estado da mesma?

Considera o goberno galego que o estado actual da AC-414, nomeadamente ao seu paso por Cances Grande e Xoane da Estrada garante que a circulación de vehículos e peóns se faga en condicións de seguridade?

En que consistiría desde un punto de vista técnico e pormenorizado a rehabilitación e disposición dunha capa de rodaxe nesta estrada (ofertada pola Consellería de Infraestruturas a cambio de que o concello acepte o cambio de titularidade da vía)?

Contemplaría esa actuación a instalación de beirarrúas, carril bici e senda peonil?

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:25:37
Nº Rexistro: 56627
Data envio: 31/07/2023 12:25:37.311

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que a a instalación de beirarrúas, carril bici e senda peonil nestes tramos melloraría a seguridade viaria?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 31/07/2023 12:22:16

Paulo Ríos Santomé na data 31/07/2023 12:22:20

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2023 12:22:28

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:31:06
Nº Rexistro: 56634
Data envio: 31/07/2023 12:31:06.186

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A través primeiro do Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 e posteriormente das prazas creadas na Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022 e no 2023, a Xunta de Galicia leva xa cinco exercicios incrementando as prazas de enfermaría na atención primaria galega.

Ese incremento das prazas vai acompañado dunha potenciación tamén das capacidades desta categoría profesional, na liña do marcado polo documento estratéxico 'Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde'.

Así, a Xunta está a traballar na potenciación da capacidade resolutiva da enfermaría de atención primaria, consolidando o seu papel de atención directa ao paciente a través do Sistema de Xestión Integrado de Demanda en Equipo (XIDE), desenvolvendo protocolos de práctica avanzada ou aumentando a capacidade de dispensación de fármacos a medida que as guías aprobadas polo Ministerio de Sanidade así o permiten.

Nese sentido, o Parlamento de Galicia aprobou en sesión plenaria de setembro de 2022 unha iniciativa do Grupo Popular para avanzar neste sentido, que pedía expresamente á Xunta "Continuar desenvolvendo a carteira de servizos para o persoal de enfermaría aprobada polo Consello Técnico de Atención Primaria mediante a elaboración de protocolos avanzados de enfermería que permitan aumentar ao máximo as competencias da enfermaría de atención primaria e faciliten que poida efectuar consultas de alta resolución."

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que medidas está a levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o aumento das competencias da enfermaría de atención primaria?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:31:06
Nº Rexistro: 56634
Data envio: 31/07/2023 12:31:06.186

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:26:51

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:27:14

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:27:37

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:27:57

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:28:15

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:28:42

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:29:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:36:47
Nº Rexistro: 56637
Data envio: 31/07/2023 12:36:47.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o funcionamento do parques comarcais de extinción de incendios e salvamento dependentes dos Consorcios Provinciais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende mediados de xuño de 2023 o persoal dos parques comarcais do servizo de extinción de incendios e salvamento dependentes dos Consorcios Provinciais de Galiza están en situación de folga para reclamar a observancia da doutrina establecida polo Tribunal Supremo na sentenza de 28 de xaneiro de 2022 na resolución dun RCUD. Na indicada resolución a Sala Cuarta do Tribunal Supremo, en aplicación da normativa comunitaria, establece que cando unha Administración Pública se subrogue por transmisión de empresa nun contrato de traballo de tivera carácter de fixo deberá manterse esa condición, sempre que exista asunción da actividade realizada pola traballadora e que a referida condición non se adquirise como consecuencia de contratación en fraude de lei.

Asemade o persoal reclama a mellora das súas condicións laborais e sociais mediante a apertura dun proceso de negociación colectiva común a todos os Consorcios Provinciais, en todos os casos compostos pola Xunta de Galiza e a Deputación Provincial respectiva.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

206888

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:36:47
Nº Rexistro: 56637
Data envio: 31/07/2023 12:36:47.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A única medida adoptada polas traballadoras na reivindicación das súas demandas foi deixar de realizar,de xeito voluntario, horas extraordinarias. Esta medida evidenciou a carencia de persoal existente nos Consorcios Provinciais de Extinción de Incendios e Salvamento polo que dende a adopción de tal medida practicamente cada día algún parque comarcal houbo pechar o servizo por carecer dos efectivos mínimos para atendelo. Vilagarcía, Bueu, Viveiro ou, máis recentemente, Verín foron algúns dos Parques que tiveron que pechar pola falla de persoal necesario para a prestación de tan esencial servizo. A evidencia dos riscos derivados de tal situación fan innecesaria calquera explicación.

A pesares das eventuais consecuencias da falla de persoal e do posicionamento da representación das Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra sobre a procedencia da aplicación da doutrina do Tribunal Supremo ao persoal dos Consorcios Provinciais, o Partido Popular rexeitou, votando en contra, unha iniciativa do grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego na que se interesaba “a integración como persoal laboral fixo dos Consorcios Provinciais contra Incendios e Salvamento de todo o persoal no que concorran as condicións establecidas na sentenza de 28 de xaneiro de 2022 e coas condicións e requirimentos establecidos na referida resolución xudicial”.

Mais acreditada tanto as carencias materiais e no cadro de persoal, como a ausencia de vontade do grupo parlamentar do Partido Popular para solventalas, dende a Xunta de Galiza non só non se adoptaron medidas para paliar a situación se non que se está a derivar nos Parques Comarcais traballos que corresponden á propia Administración Autonómica e cuxa execución corresponde á empresa pública SEAGA, segundo o encargo formalizado no seu día.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
206889

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:36:47
Nº Rexistro: 56637
Data envio: 31/07/2023 12:36:47.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza improcedente a aplicación ao persoal dos Consorcios Provinciais de Extinción de incendios e Salvamento dos criterios establecidos polo Tribunal Supremo na sentencia de Unificación de Doutrina de 28 de xaneiro de 2022?

No seu caso que actuacións realizou a Xunta de Galiza para proceder ao recoñecemento da fixeza dos traballadores dos Consorcios Provinciais de Bombeiros obxecto de subrogación?

Dende o 16 de xuño de 2023 cantos parques comarcais de extinción de incendios e salvamento estiveron pechados, cando menos algún día? En concreto que parques estiveron pechados e cales foron os concretos días nos que estiveron pechados?

Considera a Xunta de Galiza que existe déficit de persoal nalgún/s dos parques comarcais de extinción de incendios e salvamentos dependentes dos consorcios? En que parques e en que medida considera habería que ampliar os cadros de persoal?

No seu caso, que accións realizou ou ten previsto realizar para paliar tales carencias de cadro de persoal?

No ano 2023 cantos foron os niños de velutina retirados diariamente, con indicación de cales o foron por intervención da empresa pública SEAGA e cales por intervención do persoal dos parques comarcais pertencentes aos Consorcios Provinciais, concretando o parque ao que correspondeu a retirada.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:36:47
Nº Rexistro: 56637
Data envio: 31/07/2023 12:36:47.186

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 31/07/2023 12:34:38

Iria Carreira Pazos na data 31/07/2023 12:34:43

Xosé Luis Bará Torres na data 31/07/2023 12:34:52

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:37:39
Nº Rexistro: 56644
Data envio: 31/07/2023 12:37:39.249

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O cancro de mama é unha das doenzas máis frecuentes e, aínda que se ben é certo pode aparecer en homes, en máis do 99% dos diagnósticos danse en mulleres. En Galicia levamos anos traballando para a súa detección precoz.

A vía rápida implantouse en 1992, e este feito, baseado en dous factores fundamentais, os avances nos programas de cribado e os avances nos tratamentos, permitiron reducir a mortalidade por mor deste cancro nun 20%.

Unha vez realizado o diagnóstico, a premura na atención de cada un dos casos é fundamental, e aínda que en Galicia se viña prestando desde os servizos de oncoloxía, xinecoloxía, etc., tense comprobado que as Unidades de Mama, con equipos multidisciplinares melloran o acceso e tratamento das mulleres que o precisan.

Por este motivo o Grupo Popular debateu no Parlamento unha iniciativa instando á Xunta a regular o funcionamento das Unidades de Mama, para homoxeneizalas en todas as áreas sanitarias galegas e para que esa homoxeneización servise de referencia para a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías, comezando polas relacionadas co solo pélvico.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Que actuacións ten realizado a Xunta de Galicia para dar cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia en relación coa homoxeneización das Unidades de Mama en todas as áreas sanitarias galegas e a organización dos equipos de atención multidisciplinar doutras patoloxías?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:32:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:37:39
Nº Rexistro: 56644
Data envio: 31/07/2023 12:37:39.249

PARLAMENTO DE GALICIA

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:33:21

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:33:25

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:33:40

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:34:21

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:34:24

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:34:56

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:37:49
Nº Rexistro: 56646
Data envio: 31/07/2023 12:37:49.155

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Servizo Galego de Saúde, da man da Axencia Galega en Saúde, levan tempo apostando pola compra pública innovadora (CPI) como ferramenta de política de innovación do lado da demanda, constituíndo unha iniciativa moi potente para o desenvolvemento de mercados innovadores a través da contratación pública.

Dende este grupo entendemos que os obxectivos da CPI son mellorar os servizos públicos no ámbito sanitario; fomentar a innovación empresarial; impulsar a internacionalización e a comercialización da innovación e facilitar o desenrolo conxunto de produtos ou servizos innovadores.

É por iso que dentro deste paraugas da CPI lévanse promovido diferentes iniciativas de carácter innovador entre as que destaca o XEDOSE (xestión da dosimetría).

A existencia deste sistema permite crear un historial dosimétrico personalizado para cada doente, figurando nese expediente probas como un TAC ou unha radiografía, permitindo así optimizar ó máximo a dose, é dicir, dar a cada doente o mínimo posible que permita o diagnóstico.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Como vai mellorar o sistema XEDOSE de xestión da dosimetría o tratamento dos usuarios do sistema público de saúde de Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:32:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:37:49
Nº Rexistro: 56646
Data envio: 31/07/2023 12:37:49.155

PARLAMENTO DE GALICIA

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:33:06

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:33:35

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:34:04

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:34:09

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:34:36

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:34:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:43:24
Nº Rexistro: 56652
Data envio: 31/07/2023 12:43:24.796

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O mes de outubro de 2021 o Sergas aprobou o primeiro Plan de Igualdade da súa historia, co obxectivo de dotar ao sistema galego de saúde de ferramentas que permitan establecer medidas de cara a conseguir unha igualdade real entre mulleres e homes, tamén no ámbito sanitario.

Este Plan foi froito do traballo de dous anos no seo da Comisión de Igualdade ademais de contar co apoio de todas as organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Sanidade CIG, CCOO, CSIF, SATSE e UGT.

A posta en marcha do devandito Plan supón deixa de manifesto o compromiso da sanidade pública galega de integrar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na organización como principio básico e ademais transversal.

Dentro deste Plan tamén se inclúen unha serie de medidas dirixidas ás persoas traballadoras embarazas da organización. Medidas orientadas a mellorar as condicións laborais posibles para as mulleres traballadoras do Sergas e entidades adscritas durante as etapas de embarazo, parto e postparto.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas específicas de cara as persoas traballadoras embarazadas recollida no Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:40:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:43:24
Nº Rexistro: 56652
Data envio: 31/07/2023 12:43:24.796

PARLAMENTO DE GALICIA

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:40:23

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:40:58

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:41:01

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:41:42

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:41:46

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:42:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:43:32
Nº Rexistro: 56653
Data envio: 31/07/2023 12:43:32.702

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Goberno galego continúa impulsando a renovación tecnolóxica do Servizo Galego de Saúde dentro do seu compromiso de excelencia da sanidade pública e co fin de dotar aos hospitais e centros de saúde da nosa Comunidade de novos equipos de alta tecnoloxía ao servizo da saúde.

Facer un mellor aproveitamento destes avances tecnolóxicos -en equipos e servizos redundará tamén no incremento da supervivencia global e da calidade de vida dos galegos, grazas ao diagnóstico de enfermidades en estadios máis temperás e á súa vez, intervencións terapéuticas máis áxiles.

En especial nas patoloxías de maior impacto sanitario como as enfermidades crónicas, oncolóxicas, neurolóxicas e nas enfermidades denominadas raras.

Por exemplo na cidade de Lugo, o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA) vén de incorporar recentemente o novo equipo de braquiterapia co que a Xunta reforzará ás prestacións asistenciais dos pacientes lucenses que sufran patoloxías oncolóxicas.

Con todo son multitude os exemplos que atopamos en diferentes hospitais e centros sanitarios públicos da rede galega con noticias sobre a dotación de equipos de nova tecnoloxía que veñen a modernizar ou a ampliar a carteira de servizos.

É unha constatación certa que contamos con excelentes profesionais na nosa rede hospitalaria pública e, polo tanto, resulta acertado dotalos coa mellor tecnoloxía que fará posible que a nosa Sanidade siga sendo unha referencia a nivel mundial.

Para o financiamento destes equipos de nova tecnoloxía sanitaria cos que se está a modernizar a capacidade diagnóstica e de tratamento do conxunto dos hospitais galegos a Xunta de Galicia conta cos fondos de recuperación REACT, os NextGeneration-UE, pero tamén achegas económicas suplementarias realizadas a través dos orzamentos autonómicos, que permitiron mellorar estas dotacións.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:43:32
Nº Rexistro: 56653
Data envio: 31/07/2023 12:43:32.702

PARLAMENTO DE GALICIA

Os fondos REACT permitiron financiar tamén a renovación de equipamento sanitario nos orzamentos dos anos 2021 e 2022, incluíndose nesta partida importantes adquisicións, como a dos sete sistemas cirúrxicos robotizados Da Vinci, con destino os sete principais hospitais de Galicia.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Que balance fai o Goberno galego das iniciativas realizadas pola Xunta de Galicia en materia de renovación tecnolóxica (alta tecnoloxía sanitaria) do Servizo Galego de Saúde?

2.- Cal foi o investimento destinado pola Xunta de Galicia, no caso concreto da área sanitaria de Lugo, na adquisición de novos equipos de alta tecnoloxía?

3.- A canto ascendeu o investimento mobilizado para facer fronte á adquisición, instalación e posta en marcha destes equipos no conxunto da Comunidade?

4.- Que balance fai o Goberno galego das iniciativas realizadas pola Xunta de Galicia neste ámbito?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:39:54

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:40:39

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:40:43

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:41:23

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:41:27

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:42:01

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:42:06

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:47:29
Nº Rexistro: 56654
Data envio: 31/07/2023 12:47:29.280

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 23 de marzo de 2023, o Decreto da oferta de emprego público para convocar, por concurso de méritos, prazas de difícil cobertura no Servizo Galego de Saúde, co obxectivo de paliar o déficit de profesionais nalgunhas especialidades.

O sistema público galego vai ofertar 1.630 prazas este ano, correspondentes á taxa de reposición ordinaria.

A oferta de prazas aprobada polo Executivo galego, enmárcanse na Lei 2/2022 do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura. Esta normativa establece medidas extraordinarias e temporais en materia de emprego público, dirixidas a garantir a adecuada atención sanitaria de toda a poboación galega, dando continuidade ás medidas extraordinarias de fortalecemento da atención primaria iniciadas no ano 2021. O sistema selectivo será o de concurso de méritos e respectará os principios de libre concorrencia, igualdade, mérito e capacidade.

Ademais, Galicia é pioneira en facer uso deste procedemento. Xa no ano 2022 a Xunta ofertou prazas de persoal facultativo especialista de Atención Primaria para postos de difícil cobertura, permitindo cubrir ámbitos asistenciais que estaban vacantes.

Tamén está a levar a cabo outra serie de medidas adicionais, dentro das súas competencias, para paliar o déficit de sanitarios como melloras nas retribucións e compensacións salariais destes profesionais ou a oferta dun contrato estable de tres anos para todos os residentes da familia cando acaben a súa formación.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:47:29
Nº Rexistro: 56654
Data envio: 31/07/2023 12:47:29.280

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Cantas prazas se ofertan en relación co Decreto aprobado polo Consello da Xunta con data 23 de marzo de 2023 para a provisión de postos de difícil cobertura no Sergas?

2.- Cal é a súa desagregación por cada unha das áreas sanitarias?

3.- Que novidades introduce a nova OPE?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:44:31

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:45:01

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:45:31

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:45:35

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:46:09

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:46:14

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:46:53

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:47:37
Nº Rexistro: 56655
Data envio: 31/07/2023 12:47:37.296

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

No ano 2020 o Consello da Xunta aprobou o Plan de Saúde Mental de Galicia, que establece para o período 2020-2024 o desenvolvemento de 98 proxectos dirixidos á prevención da aparición de problemas de saúde mental na poboación galega e a posta en marcha de diferentes melloras na asistencia sociosanitaria ás persoas que padecen un trastorno mental. Con este fin o Goberno galego reserva un orzamento de 83 millóns de euros.

De xeito paralelo o Pleno do Parlamento de Galicia aprobou o 23 de marzo de 2021 por unanimidade unha moción na que se instaba á Xunta a "Desenvolver un plan de contratación de persoal sanitario en saúde mental de profesionais de psiquiatría, psicoloxía clínica, traballadores/as sociais, enfermeiros/as especialistas en saúde mental, técnicos auxiliares e terapeutas ocupacionais que implique a creación de 120 novas prazas antes da fin de 2021 e que se estenda para equiparar o volume de profesionais de saúde mental no Sergas á media estatal en todas as categorías de maneira efectiva ao inicio de 2024".

Os Orzamentos vixentes para o ano en curso (2023), aprobados por este Parlamento o pasado mes de decembro, continúan coa programación prevista, incrementando 2,6 millóns de euros correspondente á dotación orzamentaria das 61 novas prazas en materia de saúde mental para este exercicio

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Que novos programas puxo en marcha a Xunta de Galicia en desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia?

2. Que actuacións ten previsto desenvolver en 2023 para continuar coa execución do Plan?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:47:37
Nº Rexistro: 56655
Data envio: 31/07/2023 12:47:37.296

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:44:52

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:45:14

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:45:19

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:45:48

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:45:52

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:46:34

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:46:38

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:54:38
Nº Rexistro: 56656
Data envio: 31/07/2023 12:54:38.296

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

En decembro do ano 2013, o Parlamento de Galicia aprobou, cos votos favorables do Grupo Popular e o voto en contra de toda a oposición, a Lei de garantías de prestacións sanitarias. Pouco despois, a Xunta comezou a desenvolver os distintos aspectos regulados nesta lei a través dos correspondentes regulamentos:

- Decreto 159/2014, do 11 de decembro, polo que se establece a organización e funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde.
- Decreto 54/2015, do 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema público de saúde de Galicia.
- Decreto 55/2015, do 26 de marzo, polo que se regula o exercicio do dereito á libre elección de persoal médico de familia, pediatra e persoal de enfermaría en atención primaria, e de centro ou complexo hospitalario por un problema de saúde novo, no Sistema público de saúde de Galicia.
- E, finalmente, o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

A pesares das profecías da oposición sobre a “derivación masiva á privada” ou a cualificación de “lei trampa que só pretende privatizar”, a realidade amosa que nada disto chegou a cumprise e que un número moi relevante de cidadáns beneficiáronse da entrada en vigor da lei de garantías de prestacións sanitarias nos tempos de espera do Servizo Galego de Saúde.

Actualmente, o marco normativo prevé a garantía de acceso a unha proba diagnóstica ou a unha primeira consulta de especialista en menos de 45 días e a unha intervención cirúrxica en menos de 60 días cando falamos de persoas con patoloxías oncolóxicas malignas, insuficiencia aórtica, aneurismas cerebrais, neoplasias, carcinomas, hidrocefalia ou desprendemento de retina.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:54:38
Nº Rexistro: 56656
Data envio: 31/07/2023 12:54:38.296

PARLAMENTO DE GALICIA

Superado un tempo máis que prudencial desde a entrada en vigor da Lei o os correspondentes decretos de desenvolvemento cómpre facer balance da súa aplicación.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cal é a valoración que realiza a Xunta de Galicia da Lei de garantías de prestacións sanitarias e os distintos decretos que desenvolven esta lei dende a súa entrada en vigor?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:48:43

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:52:27

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:54:38
Nº Rexistro: 56656
Data envio: 31/07/2023 12:54:38.296

PARLAMENTO DE GALICIA

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:52:47

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:52:51

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:53:21

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:53:25

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:54:04

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:54:46
Nº Rexistro: 56657
Data envio: 31/07/2023 12:54:46.796

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou máis dun cento de centros de saúde, o que supuxo actuar sobre mais de 75.000 metros cadrados. En total, a Administración autonómica investiu, nos últimos 12 anos, máis de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

Pero máis alá destas grandes actuacións, a Consellería de Sanidade coida tamén diariamente das infraestruturas e equipamento dos centros de saúde galegos, así como da súa dotación de persoal.

Porén, se ben os incrementos de persoal son coñecidos a través das sucesivas creacións de prazas nas leis de orzamento e ás contratacións efectuadas, moitas pequenas actuacións de retoques de infraestruturas ou renovación de equipamentos pasan máis desapercibidas.

Lembremos que o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 levou consigo un investimento de máis de 8,5 millóns de euros en equipamento para os centros de saúde que foi descualificado polos partidos de oposición como “unha renovación de impresoras” cando foi moito máis alá, dotando a centros de toda Galicia de novo instrumental sanitario como 27 ecógrafos, 26 retinógrafos, 475 electrocardiógrafos, 230 espirómetros, 280 hólters de presión arterial ou 260 desfibriladores.

É dicir, un investimento que incrementaba as capacidades asistenciais e diagnósticas dos centros de atención primaria.

Unha vez finalizado ese plan 2019-2021, temos constancia de que a Xunta de Galicia non descoidou a súa atención a este incremento da capacidade dos centros de primaria mediante melloras na infraestrutura e equipamentos dos centros.

Melloras que en ocasións se lograron con colaboración dos concellos no caso de centros de saúde de titularidade municipal e melloras que tamén se consideraron prioritarias no aproveitamento de fondos europeos e estatais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:54:46
Nº Rexistro: 56657
Data envio: 31/07/2023 12:54:46.796

PARLAMENTO DE GALICIA

Actuacións probablemente menos vistosas que outras destinatarias de fondos europeos como a ampliación dos equipos de alta tecnoloxía hospitalaria pero que teñen un impacto directo na saúde de milleiros de pacientes.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que investimentos en reformas e equipamentos ten efectuado a Xunta nos últimos anos para incrementar a capacidade asistencial e diagnóstica dos centros de atención primaria de Galicia?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:48:05

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:49:04

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:52:32

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:53:05

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:53:09

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:53:43

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:53:48

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:59:26
Nº Rexistro: 56658
Data envio: 31/07/2023 12:59:26.436

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A hepatite C é unha enfermidade hepática causada por un virus RNA. Este virus pode causar unha infección que nunha alta porcentaxe é asintomática (60-75% dos casos) pero pode producir tamén unha hepatite fulminante, que é un cadro potencialmente mortal.

Aproximadamente un 15-25% das persoas infectadas eliminan o virus espontaneamente nun prazo de seis meses, sen necesidade de tratamento algún.

Pero nunha alta porcentaxe de casos a infección aguda evoluciona á cronicidade con graves consecuencias para a saúde da persoa que a padece. Entre o 75% e o 85% das persoas que padecen a infección inicial contraen unha enfermidade crónica, e entre o 60% e o 70% das que padecen a infección crónica sofren unha hepatopatía crónica; entre un 5% e un 20% contraen cirrose e entre un 1% e un 5% falecen por cirrose ou cancro de fígado.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

1. Cal é o balance da Estratexia galega de eliminación da Hepatite C dende a súa posta en marcha ata o de hoxe?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:55:20

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:57:08

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:57:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:59:26
Nº Rexistro: 56658
Data envio: 31/07/2023 12:59:26.436

PARLAMENTO DE GALICIA

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:58:00

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:58:19

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:58:46

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:58:50

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:59:35
Nº Rexistro: 56659
Data envio: 31/07/2023 12:59:35.358

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A existencia dun sistema de historia clínica electrónica integrado entre a atención primaria e a atención hospitalaria é un dos feitos diferenciais da sanidade pública galega que a pon por diante de moitos outros servizos de saúde autonómicos en capacidade de acceso dos profesionais sanitarios á información sobre o paciente.

Pero ademais, a implantación e posterior evolución deste sistema, articulado a través dunha aplicación denominada IANUS, permite facilitar outra moita información aos profesionais: non só sobre o historial do paciente senón cun acceso a información e recursos que o sistema sanitario público comparte en rede para os seus empregados.

Recentemente, a Xunta de Galicia presentou a nova versión desta aplicación de historia clínica electrónica, destacando novidades que poden ser de especial utilidade para os profesionais de atención primaria, dado o carácter integral e lonxitudinal da súa atención ao paciente: utilidades como a conectividade cos dispositivos médicos, a carpeta persoal de saúde do paciente ou o acceso a recursos formativos e de big data.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que novas ferramentas está a proporcionar a Xunta de Galicia ao persoal de atención primaria a través do seu sistema de historia clínica electrónica?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 12:55:52

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 12:56:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 12:59:35
Nº Rexistro: 56659
Data envio: 31/07/2023 12:59:35.358

PARLAMENTO DE GALICIA

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 12:57:32

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 12:58:15

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 12:58:29

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 12:58:33

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 12:59:03

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:07:36
Nº Rexistro: 56660
Data envio: 31/07/2023 13:07:36.311

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O Sistema Nacional de Saúde adoece dun gran problema no referente ó déficit de médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria.

Isto non é algo novo, posto que xa quedara de manifesto no 2018 no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, no que se aprobaron por unanimidade uns acordos que posteriormente foron ignorados polo goberno do PSOE.

Dende o Ministerio de Sanidade nada se fixo por dar solución a este déficit, evitando tomar as medidas urxentes que dende as comunidades autónomas se esixiron de maneira reiterada.

Concretamente, dende o Parlamento de Galicia os tres grupos parlamentarios presentamos unha PNL conxunta no ano 2020 pedíndolle ó Goberno Central a creación da especialidade de urxencias con tramitación preferente e independente á que corresponda a un novo decreto de troncalidade, posto que a carencia desta especialidade no sistema formativo actual xera un desprazamento dos especialistas de medicina familiar e comunitaria ó escenario asistencial de urxencias en detrimento de atención primaria.

Recentemente, en período preelectoral, e despois de varios anos de espera, o Ministro de Sanidade anunciou o inicio do trámite para a creación do Título en Especialista de Urxencias e Emerxencias.

Polo interese que ten esta especialidade tan demandada e pola repercusión que ten na formación sanitaria especializada de medicina familiar e comunitaria, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego do anuncio do Goberno de España sobre a creación da especialidade de urxencias e emerxencias?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:07:36
Nº Rexistro: 56660
Data envio: 31/07/2023 13:07:36.311

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 13:00:22

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 13:01:03

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 13:06:01

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 13:06:05

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 13:06:35

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 13:06:39

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 13:07:15

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:07:44
Nº Rexistro: 56661
Data envio: 31/07/2023 13:07:44.999

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A atención aos pacientes diagnosticados cunha enfermidade rara precisa dunha abordaxe específica pola alta complexidade destas patoloxías, xa que as enfermidades raras poden afectar a múltiples órganos e sistemas, cunha ampla diversidade de síntomas e desordes incluso dentro da mesma patoloxía.

A Xunta de Galicia ten en marcha desde o ano 2021 a Estratexia Galega de Enfermidades Raras. O seu obxectivo é o de establecer un novo modelo asistencial para este tipo de doenzas que garanta un prazo de diagnóstico máis reducido, unha menor variabilidade no manexo e unha xestión máis áxil, coordinada e eficaz.

Un paso adiante moi relevante neste ámbito foi a posta en marcha, no ano 2022 de tres unidades funcionais multidisciplinares que proporcionan atención especializada aos pacientes con enfermidades raras nas áreas sanitarias de A Coruña, Santiago e Vigo.

Esta iniciativa supón tamén o cumprimento dun acordo parlamentario no que se requiría á Xunta, ademais da creación destas unidades, a que se consolidara a rede de investigación sanitaria pública, dotándoa de recursos para ter un maior coñecemento destas patoloxías que permitan un diagnóstico máis temperán, redundando así nun maior beneficio para as doentes.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Que balance fai a Xunta de Galicia sobre o desenvolvemento da Estratexia Galega de Enfermidades Raras?

2.- Que valoración fan da posta en funcionamento das unidades multidisciplinares para o tratamento destes pacientes?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:07:44
Nº Rexistro: 56661
Data envio: 31/07/2023 13:07:44.999

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 13:00:53

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 13:01:12

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 13:01:16

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 13:06:18

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 13:06:22

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 13:06:58

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 13:07:02

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:11:24
Nº Rexistro: 56662
Data envio: 31/07/2023 13:11:24.452

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Boa parte das enfermidades conxénitas do metabolismo (ECM) son enfermidades consideradas raras ou moi raras e, a pesar sido son, en conxunto, patoloxías frecuentes, estimándose unha prevalencia global de 50,9 por cada 100.000 nacementos.

A realidade é que as ECM constitúen unha causa importante de morbi-mortalidade, e teñen un impacto global notable desde a perspectiva de Saúde Pública.

O Programa Galego para a Detección Precoz de Enfermidades Endócrinas e Metabólicas en Período Neonatal tivo a súa orixe no 1978, e foi pioneiro en España no cribado neonatal. Con posterioridade amplíouse coa incorporación da espectrometría de masas en xullo de 2000.

Neste senso a Xunta de Galicia foi pioneira coa a probación no 2021 da Estratexia Galega de Enfermidades Raras 2021/2024, co obxectivo principal de establecer un novo modelo asistencial para as enfermidades raras, optimizado e baseado en criterios homoxéneos para garantir un prazo de diagnóstico máis reducido, menor variabilidade no manexo do/a doente e unha xestión más áxil, coordinada e eficiente.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Que melloras está a incorporar a Xunta no programa galego de cribado neonatal?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:11:24
Nº Rexistro: 56662
Data envio: 31/07/2023 13:11:24.452

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 13:08:40

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 13:08:48

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 13:09:37

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 13:09:41

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 13:10:14

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 13:10:19

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 13:11:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:11:33
Nº Rexistro: 56663
Data envio: 31/07/2023 13:11:33.358

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos (ADOS), ten como fins xerais e obxectivos básicos actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas coa doazón e o abastecemento de sangue e os seus derivados, a coordinación de transplantes de órganos e tecidos, e o procesamento e almacenaxe de células, tecidos e mostras biolóxicas humanas con fins diagnósticos, terapéuticos e de investigación.

Desde a súa creación a Axencia, xunto a xenerosidade dos galegos, consolidou a Galicia como unha comunidade de referencia no ámbito das doazóns de sangue e tecidos, sempre entre os primeiros postos.

A Axencia ten desenvolvido ao longo dos últimos anos diversos proxectos colaborativos, así como implantado diversas melloras internas que lle permitiron acadar un maior número de doazóns. Malia isto, a veces as reservas de sangue sofren momentos de escaseza, normalmente vinculados a períodos vacacionais ou nos que se rexistra maior demanda.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que medidas está a tomar a Axencia galega de doazón de sangue, órganos e tecidos para incentivar a doazón por parte dos galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 13:08:02

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 13:09:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:11:33
Nº Rexistro: 56663
Data envio: 31/07/2023 13:11:33.358

PARLAMENTO DE GALICIA

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 13:09:10

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 13:09:58

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 13:10:02

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 13:10:34

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 13:10:39

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:20:21
Nº Rexistro: 56664
Data envio: 31/07/2023 13:20:21.139

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

A Xunta de Galicia leva tempo apostando polas políticas de Saúde Pública e particularmente polas políticas de prevención primaria, co seu maior expoñente nos programas de vacinación.

En setembro de 2022, o Goberno galego presentou o novo calendario de vacinación ao longo de toda a vida, para contemplalo como unha protección en todas as etapas da vida dunha persoa, dende o nacemento ata a idade adulta.

O establecemento deste Calendario permitiu cambiar a visión de que a vacinación é só importante nas idades infantís, dándolle un carácter continuo ao longo de toda a vida dunha persoa. Ademais ampliou a protección brindada, incorporando e estendendo o calendario vacinal a novas vacinas como a do virus do papiloma humano para os varóns a partir dos 12 anos, a vacina fronte a meninxite B ós lactantes e a vacina antigripal de forma sistemática na idade infantil.

En marzo de 2023 a Xunta de Galicia ampliou este calendario vacinal ó longo da vida introducindo a inmunización fronte ó virus respiratorio sincitial (VRS) e ó rotavirus, virus que afectan principalmente ós menores de 2 anos.

A introdución destas dúas novas vacinas situou a Galicia como unha rexión pioneira, co calendario máis completo, e sendo a primeira do mundo que anuncia o compromiso de incorporar a inmunización fronte ó VRS.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que balance fai a Xunta de Galicia sobre a ampliación do calendario de vacinación ao longo de toda a vida?

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2023

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:20:21
Nº Rexistro: 56664
Data envio: 31/07/2023 13:20:21.139

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 31/07/2023 13:12:18

José Alberto Pazos Couñago na data 31/07/2023 13:12:26

María Corina Porro Martínez na data 31/07/2023 13:17:54

Noelia Pérez López na data 31/07/2023 13:17:58

Raquel Arias Rodríguez na data 31/07/2023 13:18:29

López Sánchez, Rosalía na data 31/07/2023 13:18:33

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 31/07/2023 13:19:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/07/2023 13:22:00
Nº Rexistro: 56665
Data envio: 31/07/2023 13:22:00.577

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

María Encarnación Amigo Díaz, José Alberto Pazos Couñago, María Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Raquel Arias Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente no conxunto da poboación na Unión Europea, e a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como mulleres.

É un grave problema de saúde polo feito de ser o cancro máis frecuente se temos en conta ambos sexos (é o segundo nas mulleres despois do cancro de mama e o terceiro nos homes tras os de pulmón e próstata). Ó que se une a que é un tipo de cancro que produce síntomas cando a enfermidade está avanzada.

A supervivencia aos 5 anos do diagnóstico é do 75%-90% se está en estadio I-II e de só o 15% se o estadio e IV. Polo tanto adiantar o diagnóstico diminúe a mortalidade por esta enfermidade.

Afortunadamente, dende hai uns anos, en Galicia estase a desenvolver o Programa Galego de Detección Precoz do Cancro Colorrectal, cun obxectivo claro de reducir a incidencia deste tumor, diminuíndo a mortalidade ou aumentando a supervivencia en base a un diagnóstico precoz.

1º A liña de alta tensión está vencellada á construción de dous parques (Os Cotos II e Chan dos Meniños) dos que non consta ningunha información nin trámite para súa autorización.

2º Está en tramitación outra liña de alta tensión, paralela á anterior, para a conexión do parque eólico Os Cotos coa subestación de Ponte Sampaio.

3º Tanto o parque eólico Os Cotos como Os Cotos II e Chan dos Meniños están promovidos pola empresa ECOENER, e outro tanto ocorre coas dúas liñas de alta tensión, polo que estamos diante dunha fragmentación de proxectos que deberían ser

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:32:45
Nº Rexistro: 56727
Data envio: 01/08/2023 10:32:45.580

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tramitados conxuntamente e avaliados de maneira integral e nos seus efectos sinérxicos e acumulativos.

4º Os citados parques eólicos e as liñas eléctricas de alta tensión teñen un elevado impacto no medio natural, no patrimonio cultural e nos usos económicos e residenciais do territorio, causan graves prexuízos ás comunidades rurais da contorna e responden a un modelo depredador, que só favorece a grandes empresas enerxéticas. Ao tratarse de zonas densamente habitadas ou próximas a zonas urbanas, as expectativas de recuperación demográfica e reactivación socioeconómica veranse seriamente mermadas pola implantación destas grandes infraestruturas enerxéticas.

5º Antes da tramitación de cada proxecto por separado, debería facerse unha previsión e unha planificación sobre parques eólicos e liñas de alta tensión que están en fase de solicitude, tramitación ou previsión de futura instalación, para poder obter unha imaxe de conxunto e unha avaliación global de impactos no territorio.

6º A Lei 18/2021, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas introduce no artigo 39 diversas modificacións da Lei 8/2009, entre elas a non admisión a trámite de novas solicitudes de parques eólicos por un período de ano e medio desde a entrada en vigor da lei. Esta modificación normativa debe ser tida en conta na tramitación e autorización da liña de alta tensión.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que previsións ten a Xunta en relación coa implantación de parques eólicos e liñas de alta tensión na área de Pontevedra?

Considera necesario o goberno galego facer unha previsión e unha avaliación de conxunto do impacto de parques eólicos e liñas de alta tensión por áreas xeográficas?

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:32:45
Nº Rexistro: 56727
Data envio: 01/08/2023 10:32:45.580

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto o goberno galego facer unha avaliación ambiental de conxunto, sinérxica e acumulativa, do impacto de todas as infraestruturas enerxéticas por áreas xeográficas e concretamente na área de Pontevedra, Terra de Montes, Ponte Caldelas e Soutomaior?

De que información dispón o goberno galego sobre os parques eólicos Os Cotos II e Chan dos Meniños?

Ten previsto o goberno galego desbotar a tramitación da liña de alta tensión de conexión dos parques eólicos Os Cotos II e Chan dos Meniños, por ser unha infraestrutura de conexión de parques inexistentes, dos que non consta ningunha solicitude, e porque en todo caso deberían ser obxecto dunha tramitación conxunta?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2023 10:32:16

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2023 10:32:20

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:37:36
Nº Rexistro: 56729
Data envio: 01/08/2023 10:37:36.987

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre a legalidade da tramitación do parque eólico Os Cotos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 11 de novembro de 2022 (DOG do 25 de novembro) a Xunta resolveu favorabelmente a declaración de impacto ambiental do parque eólico Os Cotos, situado no concello de Cerdedo Cotobade e promovido formalmente pola empresa Tiraventos SL, aínda que na documentación do proxecto figura a empresa ECOENER.

O parque eólico Os Cotos está incluído na relación de proxectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW, cuxa resolución foi publicada no DOG do 28 de decembro de 2010.

Na relación de proxectos seleccionados figuran os seguintes da empresa Tiraventos:

-Parque eólico dos Cotos, de 30 MW

-Parque eólico do Merendón, de 21 MW

Na oferta da empresa Tiraventos, pola que foi adxudicataria do concurso de 2010, figura un plan industrial cun investimento de 20,7 millóns de euros e a creación de 59 postos de traballo.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:37:36
Nº Rexistro: 56729
Data envio: 01/08/2023 10:37:36.987

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que o parque eólico Merendón conta con declaración de impacto ambiental negativa, e o parque eólico dos Cotos ten declaración de impacto ambiental favorábel, cómpre que a empresa promotora cumpra os compromisos derivados da adxudicación de 2010.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que medidas levou a cabo a Xunta para garantir o cumprimento dos compromisos adquiridos pola empresa Tiraventos en relación co plan industrial polo que lle foron adxudicados 51 MW no concurso do 2010?

Tivo en conta estes compromisos de desenvolvemento do plan industrial na tramitación do parque eólico Os Cotos?

Que empresa é a promotora do parque eólico Os Cotos?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Ramón Fernández Alfonzo
Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:37:36
Nº Rexistro: 56729
Data envio: 01/08/2023 10:37:36.987

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2023 10:36:33

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2023 10:36:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/08/2023 10:36:47

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:40:46
Nº Rexistro: 56731
Data envio: 01/08/2023 10:40:46.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre o cumprimento dos compromisos do plan industrial de Estela Eólica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Estela Eólica resultou adxudicataria de 186 MW no concurso eólico de 2010. Na valoración dos proxectos tívose en conta que a empresa ofertou un Plan industrial consistente na construción dunha "Planta de tratamento de residuos sólidos urbanos con xeneración termoeléctrica de 50 MW e cinco plantas de transferencia", cun investimento en 287 millóns de euros e a creación de 498 postos de traballo.

A empresa Estela Eólica foi adxudicataria de cinco parques eólicos, que a estas alturas aínda non están aprobados nin construídos. A empresa foi no seu día vendida a Gas Natural e os proxectos eólicos foron "reciclados".

Dous dos proxectos eólicos adxudicados en 2010, o denominado "Bullos" e o denominado "Pena do Corvo", volvéronse tramitar, coa mesma potencia e case idéntica ubicación por iniciativa da empresa Greenalia: son os parques eólicos Gato, de 18 MW, e Felga, de 21 MW.

Antes de aprobar os citados proxectos eólicos débese aclarar se son continuación dos inicialmente adxudicados e polo tanto débese informar se a empresa que actualmente os tramita debe asumir os compromisos do plan industrial ofertado por Estela Eólica no seu día e que foi determinante para a adxudicación.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:40:46
Nº Rexistro: 56731
Data envio: 01/08/2023 10:40:46.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera a Xunta que os parques eólicos Gato e Felga, no monte do Gato, son continuación dos proxectos Bullos e Pena do Corvo, do concurso de 2010?

Vai a Xunta recabar un informe xurídico sobre a relación entre os citados proxectos para determinar se a empresa que os está a tramitar actualmente debe asumir en todo ou en parte os compromisos derivados da adxudicación do concurso eólico de 2010?

Vai a Xunta reclamar o cumprimento dos compromisos do plan industrial ás empresas que adquiriron os dereitos dos parques eólicos do concurso de 2010?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2023 10:39:42

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:40:46
Nº Rexistro: 56731
Data envio: 01/08/2023 10:40:46.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2023 10:39:45

Ramón Fernández Alfonzo na data 01/08/2023 10:39:57

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:43:51
Nº Rexistro: 56733
Data envio: 01/08/2023 10:43:51.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños e **Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** sobre o parque eólico Troitomil e outros parques eólicos previstos no concello da Baña e nos concellos limítrofes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro de 2022 publicouse no DOG a Declaración de Impacto Ambiental favorábel do parque eólico Troitomil, situado nos concellos de A Baña e Negreira.

Trátase dun polígono industrial eólico de 30MW promovido pola empresa Green Capital Power que afecta a centos de héctareas de terras de uso agrario, gandeiro e forestal e a varios núcleos de poboación, que se verán tamén afectados polo impacto ambiental e visual de 5 aeroxeradores de 200 m de altura e 6 MW de potencia. A afección territorial inclúe a construción de viais de acceso, gavias de canalización, drenaxes de augas, explanación de terreos, construción de subestación, escavación das bases para a cimentación dos muíños…

Na avaliación do proxecto non se tiveron en conta as captacións de auga existentes na zona, que son a única fonte de abastecemento ao non haber traída de auga municipal. Ainda que o promotor indica que se procederá á reposición de captacións de auga que puidesen verse afectadas, non existe unha garantía de que este impacto sexa irreversíbel ou que poida ver mermada a dispoñibilidade de auga. Ademais, na

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:43:51
Nº Rexistro: 56733
Data envio: 01/08/2023 10:43:51.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

documentación do proxecto e nos informes oficiais non figuran varias captacións de auga existentes na zona.

Ademais, na tramitación do proxecto prevese a ocupación e expropiación de viais públicos, propiedade do concello e da Deputación, o que supón un trato de favor a unha empresa privada que prevalece sobre o interese público e da veciñanza.

Por outra parte, no queda claro o impacto visual e paisaxístico do proxecto sobre o Camiño de Fisterra, e nomeadamente sobre a ponte medieval de Ponte Maceira, declarada BIC polo Decreto 83/2022 (DOG do 1 de xuño de 2022). Cómpre ter en conta que o procedemento para a declaración como ben de interese cultural comezou en maio de 2020, polo que se deberían extremar as cautelas ao respecto.

En relación coa Declaración de Impacto Ambiental, na mesma faise referencia a numerosos documentos achegados pola empresa así como a informes de departamentos da Xunta que non son de acceso público, o que crea indefensión para as entidades e persoas afectadas.

No ámbito do concello da Baña estanse a tramitar na actualidade 6 proxectos industriais eólicos, que suman en conxunto 256, 5 MW e 45 aeroxeradores de 200 m de altura.

Trátase dos seguintes proxectos

- Troitomil, de Green Capital Power (A Baña e Negreira): 30 MW, 5 aeroxeradores de 6MW

- Vilartoxo, de Green Capital Power (Val do Dubra e A Baña): 27 MW, 6 aeroxeradores de 4,5 MW. DIA favorábel

- Barrosino, de Green Capital Power (A Baña): 13,5 MW, 3 aeroxeradores de 4.5 MW

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:43:51
Nº Rexistro: 56733
Data envio: 01/08/2023 10:43:51.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Monte de Portodechán, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 66 MW, 11 aeroxeradores de 6MW

- As Castiñeiras, de Green Capital Development (A Baña, Santa Comba e Val do Dubra): 54 megawatios, 9 aeroxeradores de 6MW

- Monte Silvariño, de Green Caital Development (A Baña), 66 MW, 11 aeroxeradores de 6 MW

Para avaliar a dimensión e a potencia instalada nestes proxectos, hai que ter en conta que suman unha potencia total superior á que había instalada en 2021 en Euskadi, Cantabria e Extremadura xuntas.

Tamén é necesario considerar as dimensións dos aeroxeradores, de máis de 200 m de altura, nunha zona habitada e con unha importante actividade agraria, gandeira e forestal. Precisamente polos cambios tecnolóxicos e a maior dimensión dos aeroxeradores a respecto dos instalados até datas recentes, en 2022 introduciuse un cambio normativo para incrementar a distancia con respecto a núcleos habitados, mais esta modificación non é de aplicación para os proxectos que estaban en tramitación con anterioridade a 2022.

Xunto con estes polígonos industriais eólicos hai que ter en conta o impacto das liñas eléctricas de evacuación. Unha delas, a LAT 132 kV SET parque eólico Troitomil-LAT 132kV SET parque eólico Banzas/SET colectora Lousame afecta de maneira directa e prexudicial aos concellos de A Baña e Lousame.

No caso dos parques Monte de Portodechán, As Castiñeiras e Silvariño son de competencia do goberno central e comparten a liña de evacuación, que ten unha tramitación independente.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:43:51
Nº Rexistro: 56733
Data envio: 01/08/2023 10:43:51.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os parques eólicos Vilartoxo e Barrosino comparten subestación e liñas de evacuación coa subestación de Troitomil.

Dado que todos estes proxectos son promovidos polo mesmo grupo empresarial e teñen unha clara vinculación territorial e de infraestruturas comúns, deberá garantirse que non se leva a cabo unha fragmentación fraudulenta.

Tendo en conta as anteriores circunstancias, deberían someterse todos os proxectos citados a unha avaliación ambiental conxunta, que teña en conta os seus efectos sinérxicos e acumulativos e o seu impacto global no territorio, no medio, nas actividades económicas propias da zona, nos usos e valores do solo e na calidade de vida das persoas.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é a afección da poligonal do parque eólico Troitomil sobre os núcleos habitados e os usos do solo?

Tendo en conta os cambios aos que se viu sometido o proxecto do parque eólico Troitomil e considerando a documentación achegada pola empresa na súa tramitación, vai a Xunta volver sometelo ao procedemento de información pública?

Vai Augas de Galicia realizar un informe detallado e completo sobre as captacións de auga para o abastecemento que poderían estar afectadas pola construción do parque eólico Troitomil?

Vai o goberno galego elaborar un informe, por medio da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que Garantir a non afección do parque eólico Troitomil sobre o

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:43:51
Nº Rexistro: 56733
Data envio: 01/08/2023 10:43:51.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Camiño de Fisterra e sobre a ponte medieval de Ponte Maceira, declarada Ben de Interese Cultural?

Considera a Xunta a posibilidade de suspender a tramitación do parque eólico Troitomil mentres non se leve a cabo unha avaliación ambiental conxunta de todos os parques eólicos proxectados na zona e sobre o seu impacto acumulativo no territorio, no medio natural, nas actividades económicas, nos usos e valores do territorio e na calidade de vida das persoas?

Considera a Xunta necesario realizar un informe sobre posíbel fragmentación fraudulenta na tramitación dos parques eólicos Troitomil, Barrosino e Vilartoxo?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 01/08/2023 10:43:22

Noa Presas Bergantiños na data 01/08/2023 10:43:26

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 10:43:51
Nº Rexistro: 56733
Data envio: 01/08/2023 10:43:51.924

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2023 10:43:34

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:28:44
Nº Rexistro: 56735
Data envio: 01/08/2023 11:28:44.987

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López,, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a **seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Estatuto da cidadanía española no exterior, aprobado mediante a Lei 40/2006, do 14 de decembro, que se configura como o marco xurídico que garante ás persoas residentes no exterior o exercicio dos seus dereitos e deberes constitucionais, establece no seu artigo 5 a asistencia e protección, por parte da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias, daquelas persoas residentes no exterior que se atopen en situación de necesidade.

A Xunta de Galicia, en materia de emigración, establece como unha das súas áreas de actuación prioritaria a atención socioasistencial digna para todas as persoas galegas residentes no exterior, mediante, entre outros, o Programa de axudas económicas individuais.

Este programa ten como obxectivo contribuír a paliar a carencia de medios económicos para poder afrontar as necesidades básicas de subsistencia e atención sociosanitaria.
A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral da Emigración, pretende, nunha actuación coordinada e complementaria a competencia que corresponde ao Estado español, consolidar unha política de atención e protección ás persoas galegas residentes no exterior que se atopen en situación de necesidade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia das medidas adoptadas pola Administración galega en materia de axudas económicas individuais para os galegos residentes no exterior?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:28:44
Nº Rexistro: 56735
Data envio: 01/08/2023 11:28:44.987

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Rodríguez Pérez, Moisés na data 01/08/2023 11:26:08

Paula Prado del Río na data 01/08/2023 11:26:22

Katherinie Varela Fernández na data 01/08/2023 11:26:34

María Felisa Rodríguez Carrera na data 01/08/2023 11:26:41

María Sol Díaz Mouteira na data 01/08/2023 11:26:52

Ana Belén García Vidal na data 01/08/2023 11:27:03

José Alberto Pazos Couñago na data 01/08/2023 11:27:14

Noelia Pérez López na data 01/08/2023 11:27:29

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:29:03
Nº Rexistro: 56736
Data envio: 01/08/2023 11:29:03.612

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia ven desenvolvendo, principalmente a través da Secretaría Xeral da Emigración, unha serie de medidas de apoio as persoas galegas residentes no exterior que contribúan o retorno a Galicia.

Unha desas medidas é a convocatoria de liñas de axuda ao retorno emprendedor. Entendemos que o obxectivo é aproveitar os coñecementos e experiencia dos galegos no Exterior, así como facilitar o seu retorno á terra natal.

Ademais de garantir o autoemprego para a persoa retornada, implican na maioría dos casos a creación ou consolidación de empregos directos e indirectos na localidade onde se implanta a nova empresa.

Acotío estase a demostrar que a vontade dos galegos do Exterior cando volven á súa terra é seguir axudando ao seu progreso e desenvolvemento económico.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.- Que obxectivos pretende conseguir a convocatoria de liñas de axuda ao retorno emprendedor?

2.- Como foi a evolución desta medida no tempo que leva en marcha?

3.- Que resultados ten acadado?

Santiago Compostela, 01 agosto 2023.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:29:03
Nº Rexistro: 56736
Data envio: 01/08/2023 11:29:03.612

PARLAMENTO DE GALICIA

Rodríguez Pérez, Moisés na data 01/08/2023 11:00:21

Paula Prado del Río na data 01/08/2023 11:01:04

Katherinie Varela Fernández na data 01/08/2023 11:01:21

María Felisa Rodríguez Carrera na data 01/08/2023 11:01:30

María Sol Díaz Mouteira na data 01/08/2023 11:02:45

Ana Belén García Vidal na data 01/08/2023 11:03:08

José Alberto Pazos Couñago na data 01/08/2023 11:03:28

Noelia Pérez López na data 01/08/2023 11:03:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:38:22
Nº Rexistro: 56737
Data envio: 01/08/2023 11:38:22.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A entidade pública empresarial Augas de Galicia está a poñer condicións moi restritivas ás comunidades veciñais de augas na renovación de concesión de captacións para abastecemento a vivendas.

En aplicación dos artigos 16.1.a), 18.1 e 21.1.c) da Lei 2/2016 do solo e urbanismo de Galiza, a Xunta interpreta que a existencia da rede municipal de subministro con capacidade para abastecer a vivendas determina a improcedencia de outorgamento dunha concesión para uso doméstico, debido á necesidade legal dos propietarios de parcelas de solo urbano de conectarse ás redes públicas.

Este criterio baséase nunha nota emitida en abril de 2019 pola Subdirección Xeral de xestión do dominio público hidráulico de Augas de Galicia co título de "Consulta sobre procedencia de outorgar unha concesión de augas para uso doméstico cando existe rede municipal de subministración de rede municipal de subministración domiciliaria de auga".

En virtude desta nota, Augas de Galicia considera que no caso da renovación de concesións iniciadas antes de abril de 2019 debe informar favorabelmente a citada renovación, se ben reducindo o prazo a 10 anos en lugar de 20 e coa obriga dos usuarios de ir realizando a conexión á rede municipal ao longo dese prazo.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:38:22
Nº Rexistro: 56737
Data envio: 01/08/2023 11:38:22.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso das solicitudes de renovación da concesión que iniciaron a tramitación con posterioridade ao 4/4/2019 o criterio é a denegación da renovación da concesión para consumo doméstico e a obriga por parte dos usuarios de conectarse á rede municipal. Nestes casos, a concesión só podería manterse para outros usos, como a rega de xardíns e hortas.

Desde o BNG consideramos que a aplicación estrita destes criterios pon en cuestión a existencia e a viabilidade das traídas veciñais, que son unha solución propia do medio rural e periurbano galego á necesidade de acceso por parte da veciñanza a un ben esencial como a auga.

Coa aplicación desta interpretación legal, na práctica vaise levar a cabo a liquidación das traídas veciñais entendidas como complemento ou alternativa á rede municipal. Vaise botar por terra un sistema de gobernanza da auga que forma parte da tradición e da identidade galega, que conforma un sistema de xestión comunitaria característico do noso medio rural, e que é resultado dun grande esforzo material e económico para a construción de infraestruturas de captación, almacenaxe e abastecemento. Dáse ademais o paradoxo de que nos últimos anos a Xunta está a colaborar economicamente na mellora destes sistemas veciñais de abastecemento e que en moitas destas comunidades producíronse ao longo da última década grandes avances na xestión, na tecnoloxía e no tratamento da auga, acadando niveis de calidade do servizo semellantes e mesmo superiores a redes municipais. Dáse ademais a circunstancia de que hai sistemas de abastecemento comunitarios galegos que forman parte de boas prácticas e modelos de referencia en Europa, xunto con sistemas semellantes que existen en Austria ou Irlanda.

O trasfondo destas actuacións de Augas de Galicia ten que ver con unha visión uniformizadora, que aplica as normas facendo tábula rasa, ignorando e desprezando unha realidade propia do ámbito rural e periurbano galego. Preténdese ademais eliminar

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:38:22
Nº Rexistro: 56737
Data envio: 01/08/2023 11:38:22.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un axente estraño e incómodo nun deseño baseado na visión da auga como un negocio en mans de concesión privadas que xestionan de xeito maioritario as redes municipais.

Por todo isto formúlanse as seguintes pregunta para resposta oral na Comisión 2ª:

. Vai manter a Xunta o criterio que se seguiu até o ano 2019 para a renovación das concesións de usuarios de augas?

. Ten previsto o goberno galego levar a cabo as modificación legais necesarias para darlle seguridade xurídica, viabilidade e continuidade ás comunidades veciñais de auga para abastecemento domiciliario?

. Ten previsto a Xunta recoñecer o papel histórico das traídas veciñais como fórmula xenuinamente galega de gobernanza da auga, o esforzo de modernización levado a cabo por moitas delas nos últimos anos e, en consecuencia, apoialas técnica e económicamente no seu proceso de actualización e mellora das instalación e dos servizos que prestan?

. Vai desenvolver o goberno galego, en colaboración coas entidades que representan e agrupan a comunidades de augas e cos medios económicos precisos, un plan de información, formación e asesoramento técnico en materia de xestión, gobernanza, normas de calidade, eficiencia, avances tecnolóxicos… co obxecto de garantir a sustentabilidade e a excelencia dos sistemas veciñais de abastecemento de auga?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:38:22
Nº Rexistro: 56737
Data envio: 01/08/2023 11:38:22.674

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2023 11:37:09

Alexandra Fernández Gómez na data 01/08/2023 11:37:23

Paulo Ríos Santomé na data 01/08/2023 11:37:33

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:47:47
Nº Rexistro: 56739
Data envio: 01/08/2023 11:47:47.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a tramitar o proxecto de interese autonómico do parque empresarial de Pontecesures. Esta infraestrutura ocupa unha superficie de 326.000 m2 e sitúase entre os concellos de Pontecesures e Valga, nunha zona moi urbanizada, nas proximidades de zonas habitadas e a moi pouca distancia de equipamentos públicos como o centro de saúde e o IES de Valga.

A maior parte dos terreos do parque previsto están formados por unha gran chaira que historicamente tivo uso agrario e onde perviven plantacións de forraxes. Na zona existen tamén mostras de bosques húmidos de salgueiros, amieiros, freixos e carballos, entre outras especies.

Cómpre salientar que a zona oeste dos terreos previstos para o parque, onde se sitúan estes bosques húmidos, está caracterizada como unha zona inundábel. Na contorna existe o topónimo “A Charca” e existen numerosas canalizacións de regatos e, segundo a información recollida in situ, grandes reservas de augas subterráneas.

Recentemente, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda fixo público o Informe Ambiental Estratéxico do

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:47:47
Nº Rexistro: 56739
Data envio: 01/08/2023 11:47:47.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parque Empresarial de Pontecesures, documento no que non consta o informe de Augas de Galicia, feito cando menos sorprendente cando unha parte da superficie do parque é terreo inundábel e existen evidentes impactos no ámbito hidrolóxico. Na páxina 6 do Informe Ambiental Estratéxico faise referencia á necesidade de acadar o informe favorábel dos órganos competentes en augas e estradas estatais e autonómicas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Por que razón no Informe Ambiental Estratéxico do parque empresarial de Pontecesures non consta o informe de Augas de Galicia?

Existe algún informe de Augas de Galicia en relación cos terreos onde se proxecta o parque empresarial de Pontecesures?

Que información existe en Augas de Galicia en relación coa zona e o potencial risco de inundacións?

Que estudos, informes e actuacións ten previsto desenvolver Augas de Galicia en relación co proxecto de parque empresarial de Pontecesures?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:47:47
Nº Rexistro: 56739
Data envio: 01/08/2023 11:47:47.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 01/08/2023 11:47:04

Paulo Ríos Santomé na data 01/08/2023 11:47:08

Alexandra Fernández Gómez na data 01/08/2023 11:47:17

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:49:24
Nº Rexistro: 56740
Data envio: 01/08/2023 11:49:24.393

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López e Adrián Pardo López, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Casa de Galicia de Montevideo nace no ano 1917 como una sociedade de instrución, recreo, beneficencia, sanidade e protección ao traballo. A súa forma orixinal responde á necesidade de crear unha organización que se erguera como referente sociais, cultural e tamén para contar cos medios económicos necesarios ante continxencias da colectividade no país, é dicir, un medio de protección grupal de carácter solidario.

Ao longo de máis dun século esta institución formou parte do Servicio Social de asistencia a la Salud do país. Na actualidade, estas mutualistas encóntranse dentro da regulación xeral das Institucións de Asistencia Médica Colectiva, e tipifícanse como asociacións civís, e dicir, persoas xurídicas de dereito privado, cuxo obxecto é a prestación de servizos de asistencia médica integral por sistema de prepago, sen prexuízo de que tamén desenvolvan outras actividades sociais e culturais. Organicamente, as mutualistas son dirixidas por autoridades electas por voto secreto e directo dos seus socios.

A finais de 2021, Casa de Galicia foi intervida por terceira vez polo Estado Uruguaio (xa sufrira situación semellantes en 2002 e 2006) e posteriormente procedeuse a súa intervención xudicial, que a declara en concurso de acredores e cesa a súa actividade, o que levou a puxa dos seus bens e a distribución dos seus socios entre outras mutualistas do país, en base a unha lei especial do Parlamento do Uruguai, que foi apoiada por case a totalidade da Cámara.

A preocupación neste senso é dobre, por un lado, a protección sanitaria dos seus socios, de maneira particular dos galegos, e por outro, da protección do seu patrimonio cultural.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:49:24
Nº Rexistro: 56740
Data envio: 01/08/2023 11:49:24.393

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Cal é a situación dos galegos que estaban asociados a esta entidade para a súa protección sanitaria?

2.- Cal é a situación do patrimonio cultural de Casa de Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Rodríguez Pérez, Moisés na data 01/08/2023 11:45:55

Katherinie Varela Fernández na data 01/08/2023 11:46:13

Ana Belén García Vidal na data 01/08/2023 11:46:30

Noelia Pérez López na data 01/08/2023 11:46:53

José Alberto Pazos Couñago na data 01/08/2023 11:47:33

María Felisa Rodríguez Carrera na data 01/08/2023 11:47:51

Pardo López, Adrián na data 01/08/2023 11:48:21

Paula Prado del Río na data 01/08/2023 11:48:35

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:49:41
Nº Rexistro: 56741
Data envio: 01/08/2023 11:49:41.862

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, Paula Prado del Río, Katherinie Varela Fernández, Marisol Díaz Mouteira, Felisa Rodríguez Carrera, Ana Belén García Vidal, Alberto Pazos Couñago e Noelia Pérez López deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Galicia está a vivir o fenómeno histórico da emigración a inversa. Cada ano son mais os galegos que se deciden a regresar tras un curto ou longo espazo de tempo fora da casa. Conscientes do potencial que aportan os retornados a nosa Comunidade Autónoma, o Goberno galego reforza a súa aposta polo regreso dos galegos residentes no exterior.

E faino apoiado dunha ambiciosa Estratexia que da continuidade a posta en marcha en 2018, incrementando as partidas e actuacións destinadas a facilitar a volta a casa de aqueles que decidan retornar e comezar unha nova vida en Galicia Un dos puntos desta Estratexia é a xestión integral do retorno a través das oficinas físicas en Galicia, có obxectivo de facilitar as familias retornadas e as que teñen previsto retornar un servicio de portelo único con asesoramento e seguimento personalizado nas áreas social, educativa e laboral, de forma presencial e telemática.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1.- Como valora o Goberno galego o servizo de portelo único que ofrecen estas oficinas aos emigrantes retornados?

2.- Teñen contabilizado número de usuarios ou consultas realizadas.? En caso afirmativo poderían facilitarnos esas cifras?

3.- Están a cumprir os obxectivos fixados?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:49:41
Nº Rexistro: 56741
Data envio: 01/08/2023 11:49:41.862

PARLAMENTO DE GALICIA

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2023.

Asinado dixitalmente por:

Rodríguez Pérez, Moisés na data 01/08/2023 11:42:41

Paula Prado del Río na data 01/08/2023 11:42:58

Katherinie Varela Fernández na data 01/08/2023 11:43:29

María Sol Díaz Mouteira na data 01/08/2023 11:43:38

María Felisa Rodríguez Carrera na data 01/08/2023 11:44:05

Ana Belén García Vidal na data 01/08/2023 11:44:20

José Alberto Pazos Couñago na data 01/08/2023 11:44:35

Noelia Pérez López na data 01/08/2023 11:44:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:54:32
Nº Rexistro: 56742
Data envio: 01/08/2023 11:54:32.034

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e **Alexandra Fernández Gómez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no ano 2000 a Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), con un período de vixencia até o ano 2006, coa posibilidade de ampliación deste prazo. No período 2000-2010 leváronse a cabo estudos de diagnose e actualización da Estratexia, como por exemplo o Proxecto Fénix (2010), mais cando menos nos últimos 12 anos non hai constancia da publicación de documentos oficiais de seguimento da aplicación da EGEA.

Como resultado das medidas previstas na Estratexia, no ano 2001 creouse o *Observatorio Galego de Educación Ambiental*. Polo decreto 193/2012 regúlase este Observatorio, que ten como funcións principal "o seguimento e avaliación da situación da educación ambiental".

Ademais ten asignadas as seguintes funcións específicas:

1. Asesorar os organismos das administracións públicas no deseño e avaliación dos programas e iniciativas de educación ambiental.

2. Analizar as necesidades educativas e formativas en materia ambiental da poboación galega no seu conxunto, así como dos seus sectores específicos.

CSV: BOPGDSPG-BnZsXPrBd-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/08/2023 11:54:32
Nº Rexistro: 56742
Data envio: 01/08/2023 11:54:32.034

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Realizar un seguimento da aplicación da Estratexia Galega de Educación Ambiental, propoñendo e suxerindo directrices e liñas de actuación.

4. Propoñer a elaboración de instrumentos e procedementos de avaliación, especificamente dirixidos ao ámbito da educación ambiental.

5. Colleitar experiencias, recursos e programas que se consideran de referencia, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma como do Estado, da Unión Europea e das distintas axencias das Nacións Unidas, facilitando a súa divulgación, promoción, adaptación e aplicación á realidade galega.

